



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE XUÑO DO 2009

Acta da sesión celebrada polo Pleno deste Concello o 4 de xuño do 2009

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES (a partires do inicio do punto 2º da Orde do Día)

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro
D. JOSÉ VICENTE VICENTE
Concelleiro
DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ
Concelleira

B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE
Primeira Tenente de Alcalde
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO (se incorpora á sesión ás 20:38 horas)
Concelleiro.
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira

CIDEGA

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

INTERVENTORA

DNA. CELSA PÉREZ GIL

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e tres minutos do día catro de xuño de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Antonio Dono López, réunese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRA DE DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE D. LUIS LUGO LATAS DE COMPATIBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DE LABORES DE INVESTIGACIÓN NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL RELATIVO Á RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN PARA XESTIÓN DUN ALBERGUE TURÍSTICO HÍPICO E PICADEIRO EN SABUCEDO.

4°.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVO Á ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
5°.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN RELACIÓN COA CONTA XERAL DO ORZAMENTO 2007.
6°.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN RELACIÓN COS ORZAMENTOS XERAIS 2009.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

7°.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE ABRIL DE 2009 (DO Nº 320 AO 466).
8°.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1°.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRA DE DÑA. BELÉN LOUZAO VIEITES. Polo Sr. Alcalde dáse conta do asunto de referencia, concedendo a palabra a Dña. Belén Louzao Vieites, procedendo a facer a promesa de toma de posesión:

Prometo pola miña conciencia e honor cumprir as obrigas do cargo de Concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Feita a toma de posesión, Dña. Belén Louzao Vieites incorpórase como Concelleira da Estrada.

Intervén o Sr. Alcalde: *Incorpórase polo tanto Belén ao seu escano como Concelleira desta Corporación, dándolle a benvida pola miña parte e desexarte os mellores triunfos na túa xestión neste Concello.*

Ao fío deste punto eu quería dar conta dun escrito do grupo socialista que ven a dicir que Dña. Belén Louzao Vieites se incorpora ao grupo socialista e, por suposto, se designa como representante do mesmo nas Comisións Informativas que ten representación, tanto de titular como de suplente, e coas mesmas que ostentaba D. Manuel Loureiro Loureiro.

2°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE D. LUIS LUGO LATAS DE COMPATIBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DE LABORES DE INVESTIGACIÓN NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Polo Sr. Alcalde Presidente dáse conta do asunto de referencia.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o correspondente ditame aprobado por unanimidade por todos os Concelleiros da Comisión Informativa.*

Non habendo intervencións a Corporación adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Vista a solicitude de D. Luis Lugo Latas mediante a que solicita compatibilidade para realizar labores de investigación na Universidade de Santiago de Compostela.

Visto o informe favorable emitido polo Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

Visto o informe do funcionario encargado do Departamento de Persoal de 18-05-09.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada o 26-05-09.

ACORDAMOS:

Conceder a D. Luis Lugo Latas compatibilidade para realizar labores de investigación na Universidade de Santiago de Compostela.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL RELATIVO Á RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN PARA XESTIÓN DUN ALBERGUE TURÍSTICO HÍPICO E PICADEIRO EN SABUCEDO. Polo Sr. Alcalde dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Medio Rural en relación coa resolución do contrato de concesión para xestión dun albergue turístico hípico e picadeiro en Sabucedo.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o ditame da Comisión Informativa aprobado por unanimidade dos seus membros.*

Non habendo intervencións a Corporación adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Visto o Acordo plenario de 23 de maio de 2002 adxudicando definitivamente a Barbatana SL o contrato administrativo de concesión para xestión dun albergue turístico hípico e picadeiro.

Visto o correspondente contrato suscrito o 1 de outubro de 2002 coa empresa Barbatana SL.

Vista a solicitude de Barbatana SL de 30 de xaneiro de 2008, de finalización do contrato.

Vista a Proposta da Concelleira de Medio Rural e Turismo de 20 de maio de 2009.

-Visto o escrito de Barbatana SL, con entrada no Concello o 26 de maio de 2009, no que manifesta a súa vontade de resolver de mutuo acordo a concesión, nos termos contidos na Proposta da Concelleira de Medio Rural e Turismo de 20 de maio de 2009

Visto o escrito de Barbatana SL, con entrada no Concello o 26 de maio de 2009, no que recolle unha serie de bens que deixará a maiores dos inventariados.

Visto o Informe do Técnico de Administración Xeral de 10 de febreiro de 2009 sobre a situación urbanística tanto da edificación como da actividade.

Visto o Informe do Arquitecto Técnico municipal de 14 de maio de 2009 sobre os bens e inmobles do albergue.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal de 26 de maio de 2009 continuación do anterior, tralo escrito de Barbatana SL no que manifesta expresamente os bens que deixará a maiores dos inventariados.

Visto o informe do Tesoureiro municipal de 26 de maio de 2009 sobre as cantidades adebedadas ao Concello por Barbatana SL.

Vista a Memoria Xustificativa da Concelleira de Medio Rural e Turismo de 26 de maio de 2009.

Visto o informe de Secretaría de data 26-05-09.

Visto o informe da Intervención municipal de 26-05-09.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Medio Rural de 29-05-09.

Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o disposto na disposición transitoria primeira da Lei 30/2007.

ACORDAMOS:

A resolución de mutuo acordo con Barbatana SL do contrato administrativo de concesión para xestión dun albergue turístico hípico e picadeiro.

Coa presente resolución extínguense as débedas que Barbatana SL tivera co Concello en concepto de canon como concesionaria do servizo.

O prazo de garantía do contrato, que será dun ano, comezará a contarse precisamente a partires da data da adopción do presente Acordo.

Que para poder dar servizo durante a Festa da Rapa, que se celebrará no mes de xullo deste ano, a xestión se faga mediante a Fundación Cultural da Estrada.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVO Á ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. Polo Sr. Alcalde dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social relativo á Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o ditame da Comisión Informativa aprobado por unanimidade dos seus membros.*

Intervén o Sr. Alcalde: *Neste punto o grupo socialista quere facer unha emenda ao ditame da Comisión. Esta emenda corresponde ao artigo 17, no que o grupo socialista se había abstido na Comisión.*

Visto o informe da Intervención, imos a cambiar o voto no sentido que imos a votar en contra, polo tanto, a emenda que presentamos ao ditame da Comisión é a supresión do parágrafo que di: “... dando traslado ao servizo de Intervención municipal a fin de que se prevea o correspondente incremento orzamentario.” Propoñemos, polo tanto, que sexa suprimido este parágrafo da Comisión, previo á votación do ditame da Comisión.

Vamos a votar este emenda, ¿algunha intervención?.

Toma a palabra a Concelleira do Partido Popular, Dna. Cristina Goldar Soto: *En primeiro lugar quero darlle a benvida á nova Concelleira.*

Por parte do grupo municipal do Partido Popular enténdese que este novo voto en contra, aínda que felicitara no seu día o voto na Comisión porque se admitían e plasmaban todas as modificacións proposta polo grupo municipal do PP, principalmente no tema da idade e de recoller esta protección tamén para nenos que presentaran deficiencia funcional e que non estaba recollido no Regulamento que se presentaba e, tamén, con respecto á idade, se centraba este servizo de axuda no fogar principalmente en persoas maiores de 65 anos, entendemos que un logro rebaixar a idade previndo este servizo para menores e nenos que presenten diversidade funcionais amplas; pero o que non entendemos e como paralelamente o grupo socialista neste artigo 17 cando se fala de usuarios na modalidade B, si que entende... porque no informe da Intervención se di que a modificación que pretendía o Partido Popular é unha decisión política, non pon ningún reparo, polo que non hai ningún problema legal e queremos que isto quede claro; e, este mesmo reparo non se pon cando no artigo 17 cando se fala dos usuarios Modalidade B e se propón que se comunique á Consellería que teña competencias a efectos de que se proceda á ampliación do financiamento correspondente, neste caso ao partido socialista non lle supón ningún tipo de problema, e estamos falando para ambos tipos de usuarios, tanto aos da Modalidade A como aos da Modalidade B, nos supostos nos que a demanda (isto é importante que o saiba a cidadanía) supere a dispoñibilidade orzamentaria, ¿qué quere dicir?, que hai xente que precisa servizo de Axuda no Fogar e a dispoñibilidade orzamentaria non chega a toda esa xente, e o Partido Popular o único que propón é que se prevea o correspondente incremento orzamentario. Cando haxa que instar á Consellería para que se proceda a ese incremento presupostario non hai ningún problema, pero cando hai que dar traslado aos servizos da Intervención municipal do Concello si que hai problema. Por iso entendemos que esta decisión política que non se quere adoptar por parte do grupo socialista é certamente un fraude ao seu propio programa de política social, porque non se queren comprometer nos supostos de que a demanda supere a dispoñibilidade orzamentaria nin tampouco se queren

comprometer nos vindeiros Orzamentos, entón entendemos que é unha decepción total para un suposto onde a demanda supera o crédito que está previsto.

Se procede a votar a emenda proposta polo grupo socialista e que é aprobada polos votos favorables do PSdeG-PSOE (9) e BNG (3), e os votos en contra do Partido Popular (7) e CIDEGA (2).

A continuación vótase o ditame adoptado pola Comisión Informativa de Benestar Social coa emenda aprobada anteriormente, adoptándose o seguinte ACORDO polos votos favorables do PSdeG-PSOE (9) e BNG (3), e as abstencións do Partido Popular (7) e CIDEGA (2).

Vista a necesidade de adecuación da normativa municipal referente o Servizo de axuda no Fogar á Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia,

Visto o informe de fiscalización emitido pola Interventora municipal.

Visto o informe técnico emitido pola responsable técnico do Departamento de Servizos Sociais.

Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social en sesión do 26-05-09.

Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2f) da lei 7/85

ACORDAMOS:

1º .- Aprobar a Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar que a continuación se transcribe:

**ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL
DE AXUDA NO FOGAR (SAF)
NO CONCELLO DE A ESTRADA**

O Concello da Estrada posúe unha ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 13 de febreiro de 1998 e publicada no BOP da provincia nº 73 do 20 de abril de 1998. Con motivo da entrada en vigor da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia, faise imprescindible a aprobación dun novo regulamento, dada a envergadura dos cambios a introducir.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.2.k) que os concellos exercerán as súas competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social. O artigo 26.1.c) do mesmo corpo legal establece que a prestación de servizos sociais resulta de obrigatoria prestación en municipios cunha poboación superior aos 20.000 habitantes, .

A Lei 13/2008, do 3 de decembro estrutura e regula, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar. No artigo 60.1 a) desta lei, atribúense os concellos " a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos" . No artigo 11º f) establece como función dos servizos sociais comunitarios "a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a

garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable”.

Consonte ao anterior, no que respecta a atención á dependencia por parte das entidades locais, a Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia, contempla no artigo 12 que as mesmas participaran na xestión dos servizos as persoas en situación de dependencia de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades autónomas, dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe. Neste eido, o decreto 176/2007 de 6 de setembro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia en Galicia, contempla no artigo 3º que a Comunidade Autónoma de Galicia “garantirá a oferta das prestacións establecidas na Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, integrándoas no Sistema Galego de Servizos Sociais”. No que se refire as entidades locais establece no artigo 4º.3 que as mesmas participarán na xestión dos servizos á dependencia nos termos establecidos no mesmo e demais normativa autonómica en materia de Servizos sociais.

CAPITULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.- Finalidade da Ordenanza e ámbito de aplicación.

É a finalidade da presente ordenanza, regular o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF) no termo municipal do Concello da Estrada, en exercicio das potestades regulamentarias e de programación, conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Servizo de Axuda no Fogar, como programa de actuación desenvolvido polo Concello da Estrada, mediante a presente Ordenanza reguladora inscríbese no ámbito de actuación dos servizos sociais comunitarios básicos, conforme o establecido nos artigos 9º, 10º, 11º e 60º da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e desenvólvese no marco do disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o Servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- Obxecto e Definición do Programa de Servizo de Axuda no Fogar.

É obxecto da presente ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar no Concello da Estrada, como programa de actuación dos servizos sociais comunitarios básicos.

O Servizo de Axuda no Fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora aos individuos e unidades de convivencia no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en situacións de desestructuración familiar, por motivos de índole física, psíquica ou social, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando no posible a súa institucionalización.

O Servizo de Axuda no Fogar constitúe un conxunto de intervencións profesionais, de carácter preventivo,

asistencial e rehabilitador, que teñen por obxecto a mellora da calidade de vida das persoas usuarias e a atención de situacións de dependencia no entorno do domicilio habitual dos usuarios/as, fomentado a autonomía persoal e favorecendo o mantemento das redes de relación familiar e social. Ese conxunto de intervencións serán realizadas por persoal cualificado e sempre coa supervisión técnica por parte dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello.

A finalidade do SAF é a prestación de servizos de apoio persoal, doméstico, psico-social, educativo e preventivo, orientado a facilitar aos usuarios/as a autonomía persoal suficiente, no medio habitual de convivencia, mentres isto sexa posible e conveniente.

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo público que terá a consideración de prestación básica de Servizos Sociais de Atención Comunitarios Básicos inxerida no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, con planificación, coordinación e control público.

CAPITULO II CARACTERISTICAS DO SERVIZO

Artigo 3º.- Obxectivos.-

Son **obxectivos xerais** do SAF os seguintes:

1. Posibilitar as persoas e unidades de convivencia con dificultades de autonomía persoal, na súa capacidade de relación social ou no seu autovalamento, a permanencia no seu hábitat.
2. Apoiar as persoas e unidades de convivencia familiar en situacións de risco por desequilibrios ou deterioro nas relacións familiares, potenciando aquelas actitudes positivas de cambio.

Son **obxectivos específicos** do SAF, os seguintes:

1. Favorecer e potenciar a autonomía persoal das persoas usuarias no seu domicilio.
2. Previr situacións de dependencia e exclusión social.
3. Sinalar pautas de organización axeitadas, contribuíndo á creación de hábitos axeitados para garantir e mellorar as condicións de vida.
4. Apoiar, compensar e facer o seguimento na atención familiar en relación cos menores, naqueles casos onde a atención sexa deficitaria ou nos casos en que se precise unha intervención en atención a diversidade funcional do menor.
5. Apoiar as familias cando estas non poidan asumir totalmente o coidado das membros mais desprotexidos, ofertando apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social deses membros.
6. Evitar ou retardar o ingreso dalgúns membros da unidade familiar en centros asistenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible.
7. Implicar aos propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática familiar.
8. Previr situacións de crise individual e/ou familiar

- prestando apoio persoal e social.
9. Apoiar a familia cando esta non poida realizar as funcións propias de integración e coidado dos seus membros.
 10. Fomentar cambios favorables na dinámica familiar.
 11. Implicar aos propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal e/ou familiar.
 12. Facilitar aos cuidadores familiares a dispoñibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que teñan que realizarse fora do domicilio.

Artigo 4º.- Prestacións.

O SAF ofrecerá unha atención integral e polivalente ás/os usuarias/os, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e estimulando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida, previa valoración e prescrición técnica.

Tódalas atencións, actividades e tarefas ás que se fai referencia neste artigo, aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades dos/as usuarios/as ou doutras persoas do seu entorno inmediato; sen substituír as tarefas que a/o usuaria/o poida realizar e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

As actividades que se van desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias doutras intervencións realizadas polos distintos profesionais doutros programas e proxectos do Servizos Sociais.

As distintas prestacións ás que se fai referencia neste artigo, deberanse desenvolver en catro ámbitos: preventivo, asistencial, rehabilitador e educativo.

Para a realización das diversas atencións a desenvolver dende o SAF, o/a usuario/a deberá dispor ou proveerse dos equipamentos e subministros necesarios, contando para iso, se é preciso, co apoio e asesoramento dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou do persoal técnico da empresa/entidade adxudicataria do SAF.

As prestacións que se ofrecen dende o SAF concretaranse nos seguintes tipos de atencións :

1.- Atencións de carácter persoal :

Fai referencia a todas aquelas atencións dirixidas ó/a usuario/a do servizo cando non poida realizalas por si mesmo/a ou cando precise apoio e/ou axuda para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria, tales como :

- A) Apoio e asistencia para erguerse e deitarse
- B) Apoio e/ou realización da hixiene persoal : baño, cambio de roupa, lavado do cabelo, e todo aquilo que requira a hixiene habitual, especialmente precisa en persoas encamadas e incontinentes.
- C) Control do réxime alimentario e axuda persoal para aqueles/as usuarios/as que non podan comer por si mesmos.
- D) Supervisión na toma da medicación e administración, se procede, de medicamentos

- simples prescritos por facultativos*
- E) Tarefas de compañía fora do fogar para a realización de trámites ou xestións urxentes, visitas medicas, e outras.
 - F) Mobilización dentro do fogar e orientación espacio-temporal (traslados, desprazamentos, cambios posturais, etc..)
 - G) Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno domestico que potencien a autonomía do/a usuario/a
 - H) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
 - I) Calquera outra atención de carácter persoal e específico necesarias para acadar a finalidade do servizo e sinalada no informe social.

2.- Atencións de carácter doméstico e da vivenda :

Enténdense como tales aquelas actividades e tarefas que se teñen que desenvolver no domicilio do/a usuario/a referidas a :

- *Limpeza da casa*
- *Adquisición de alimentos e outras compras por conta do/a usuario/a*
- *Preparación de alimentos no fogar*
- *Lavar, pasar o ferro e repasar e ordenar a roupa*
- *Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade na vivenda*
- *Pequenos arranxos elementais na vivenda do/a usuario/a*
- *Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do usuario, previa prescripción técnica.*

As tarefas de limpeza fan referencia unicamente as dependencias ou estancias usadas pola/o usuaria/o.

Non se desenvolverá ningunha actividade de carácter doméstico que non figura prescrita e incluída no proxecto de intervención individual e no acordo asinado co/a usuario/a.

Estas atencións poderán ser facilitadas en parte, se fose o caso, por servizos complementarios que poidan poñerse en funcionamento (lavandería, xantar sobre rodas, etc.) ben polo propio Concello, o por outras administracións.

3.- Atencións de carácter psico social e educativo :

Refírense ás intervencións de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, de organización da economía doméstica, da afectividade, da convivencia e estruturación familiar, e da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do/a usuario/a. Considéranse atencións de carácter social e educativo as seguintes:

- i) Organización doméstica*
- ii) Axuda a integración e socialización do/a usuario/as*
- iii) Cambios de hábitos de orde e limpeza*
- iv) Apoio na organización do orzamento familiar*

- v) Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar e na estruturación familiar, relacionados coa súa normalización..
- vi) Práctica en habilidades sociais
- vii) Facilitar actividades de ocio no propio fogar.
- viii) Axuda no manexo da correspondencia, teléfono, etc..
- ix) Comunicación e dialogo co/a usuaria/o durante o tempo que dure a prestación.
- x) Calquera outra tarefa necesaria para o desenvolvemento das capacidades persoais, de convivencia e de relación co entorno, e sinalada no informe social

4.- Atencións de carácter técnico e complementario :

Inclúense aquelas xestións ou actuacións que se avalien precisas e axeitadas, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para a mellora das condicións do mesmo, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situación de crise ou emerxencia, coa aplicación de recursos tales como a teleasistencia, axudas técnicas e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

Poderán integrarse tamén como atencións de carácter complementario, aquelas que supoñan un reforzo na mellora da capacidade de autonomía persoal, de cordo coa valoración do profesional de referencia e coa prescrición técnica sobre o contido do servizo.

Quedan excluídas do Servizo de axuda no fogar as seguintes funcións:

- atender a outros membros da unidade familiar ou achegados que habiten no mesmo domicilio e que non figuren como beneficiarios do mesmo.
- Facer arranxos de certa entidade na vivenda que requira de outros profesionais (pintar paredes, empapelar, etc)
- Limpeza do domicilio que non estea directamente relacionado co servizo personalizado o/a usuarios/a sempre e cando conviva con outras persoas no domicilio.
- Prestación do servizo durante a noite, mais alá das horas estipuladas para cada usuario/a.
- Recoller ou levar o/a usuario/a fora do domicilio habitual, salvo casos excepcionais que se contemplarán no proxecto individual e no acordo da prestación do servizo.
- A realización de funcións ou tarefas de carácter sanitario, en xeral aquelas que impliquen especialización para a súa realización, tales como: por inxeccións, toma da tensión, por ou quitar sondas, subministrar medicación delicada que implique coñecementos específicos ou especialización por parte de quen o subministre, realizar curas, tratamento de escaras, úlceras, etc...)

CAPITULO III
DESTINATARIOS, REQUISITOS, DEREITOS E DEBERES

Artigo 5º.- Destinatarios.

O SAF é unha prestación dirixida a toda a poboación do Concello da Estrada en situación de especial necesidade, e dicir, aquelas persoas ou unidades de convivencia que polas súas capacidades físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que precisen dalgunhas das atencións establecidas no artigo 4ª desta ordenanza, previa valoración técnica correspondente na que se prescriba como recurso idóneo de atención.

Establécense dúas modalidades de destinatarios/as :

MODALIDADE A :

Poderán ser potenciais usuarios/as do SAF na Modalidade A, aquelas persoas e unidades de convivencia, que, sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal e/ou familiar se encadren nun marco de problemáticas concretas tales como:

- Persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con algún tipo de discapacidade que lles impida valerse por si mesmas e carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato e que coa prestación do servizo poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Familias que teñen o seu cargo persoas anciáns, persoas con discapacidades ou enfermos crónicos e que precisan axuda para poder continuar atendéndoos.
- Persoas afectadas por unha lesión, ou incapacidade de carácter temporal e que precisen das prestacións do servizo de axuda no fogar mentres persista a situación.
- Persoas e familias con grave risco de desestructuración.
- Familias con menores aos que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos, non poidan exercer as súas tarefas e non poidan proporcionarlles os coidados e atencións axeitadas.
- Familias con menores o seu cargo nos que se valore a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativa no fogar.
- Outras situación persoais ou familiares que presente situacións de risco e/ou exclusión social que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención no domicilio.
- Situación de sobrecargas familiares por calquera outra circunstancia non sinalada anteriormente e que sexan avaliadas polos técnicos de Servizos Sociais como necesaria de ser atendidos dende o servizo de axuda no fogar.

En xeral, poderán ser usuarios do SAF aquelas persoas e/ou familias nas que existe unha situación de necesidade de atención, e que de acordo coa valoración das traballadoras sociais dos servizos sociais municipais de atención primaria, supoña o SAF o recurso idóneo ou subsidiario de atención, previa prescrición técnica .

MODALIDADE B :

Serán usuarios/a do SAF na Modalidade B aquelas persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia co correspondente grado e nivel ó abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, se lles asigne a axuda no fogar no correspondente Programa Individual de Atención (en adiante PIA) consonte co establecido no Decreto 176/2007 de 6 de setembro no que se regula o procedemento para o recoñecemento ás prestacións de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, e a orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do PIA, fixación de intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

Artigo 6º.- Requisitos de acceso.

O acceso ao Servizo de Axuda no Fogar producirase a través dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello da Estrada.

Os requisitos para poder ser usuarios/as do Servizo de Axuda no Fogar serán os seguintes:

MODALIDADE A

- Estar empadroado e con residencia efectiva no Concello da Estrada.
- Atoparse nalgunha situacións sinaladas no artigo 5º da presente ordenanza.
- Formular a correspondente solicitude coa documentación, na forma e lugar establecidos na presente ordenanza.
- Aceptación do servizo coas súas características, obrigas e normativa.
- Que non teña familiares con obrigas legais de prestar atención ou, existindo estes, que se neguen a cumprir coas súas obrigas, residan fora do termino municipal ou estean imposibilitados para facerse cargo das atención do/a beneficiario/a, tanto a nivel económico como persoal.
- Que non reciban axudas, ou teñan dereito a ela, doutra institución ou entidade para este fin.
- Que reúnan as condicións persoais, sociais, económicas, etc. que figuran nos baremos de valoración.
- Que exista o Informe Social coa prescrición técnica do SAF favorable.
- Familias con menores o seu cargo nos que se valore a necesidade dunha intervención específica dirixida a unidade familiar ou os menores o seu cargo, previa prescrición técnica do contido da intervención.

MODALIDADE B,

1. Estar empadroado e con residencia efectiva no Concello da Estrada.
2. Formular a correspondente solicitude coa documentación, na forma e lugar establecidos na presente ordenanza.
3. Aceptación do servizo coas súas características, obrigas e normativa.
4. Ter a resolución emitida polo órgano competente da Administración ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, do recoñecemento do grado e nivel de dependencia e a resolución do Programa Individual de Atención (en adiante PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

O acceso ao servizo será directo para as persoas que contén con recoñecemento da situación de dependencia e con resolución de PIA no que se lles asigne a axuda no fogar como recurso a aplicar.

Artigo 7º.- Dereitos e obrigas das persoas usuarias.

As persoas ou unidade de convivencia usuarias do servizo de axuda no fogar, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 6º do Título Preliminar da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no artigo 6º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar na Comunidade Autónoma de Galicia, e se é o caso os recoñecidos na lexislación sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes **dereitos**:

1. A confidencialidade respecto a todo canto se coñeza en relación coa tramitación e prestación do servizo.
2. A recibir o servizo en calquera das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A ser atendidos/as co máximo respecto, corrección e comprensión, de forma individualizada e personalizada.
4. A dispoñer dun programa de atención adecuado as necesidades detectadas.
5. A ser informados por escrito e verbalmente, coa suficiente antelación, das circunstancias que puidesen conlevar a unha modificación ou suspensión da prestación.
6. A ser informados/as, e no seu caso orientados/as, a outros servizos complementarios ou alternativos que puideras responder as súas necesidades.
7. A ser informado/a sobre os seus dereitos e obrigas.
8. A ser informado/a sobre as tarifas aplicables o servizo.
9. A ser informado/a sobre as condicións e contidos das prestacións.
10. Recibir as prestacións axeitadas as súas necesidades, coa calidade e condicións, contidos e duración que en cada caso se determinen no Acordo de prestación do servizo.

11. Coñecer o regulamento do servizo e a organización do mesmo.
12. Exercer o dereito de queixa conforme ás disposicións vixentes.
13. Presentar suxestións ao persoal responsable do servizo sobre a súa prestación.

Así mesmo, as persoas ou unidade de convivencia usuarias do SAF, ademais das obrigas sinaladas no artigo 7º do Título Preliminar da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no artigo 7º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar na Comunidade Autónoma de Galicia, terán as seguintes **obrigas** como persoas usuarias do SAF:

1. Colaborar co persoal do Servizo na prestación do mesmo.
2. Permanecer no domicilio durante o tempo no que se estea a prestar o servizo.
3. Manter un trato correcto e de respecto no desenvolvemento da prestación dos servizo, respectando a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo.
4. Aportar a documentación precisa para a tramitación e, no seu caso, a revisión do expediente.
5. Informar de calquera cambio que se produza na súa situación persoal, familiar, social e económica, que puidera dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación do servizo.
6. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas do persoal do servizo.
7. Poñer a disposición do persoal que desenvolve as tarefas do servizo, se fose o caso, os útiles e materiais precisos para o desenvolvemento das tarefas asignadas.
8. Colaborar, na medidas das súas capacidades, no desenvolvemento do servizo e nos termos acordados no programa individual, asinado mediante contrato.
9. Respectar os límites das obrigas laborais das persoas que prestan o servizo e os horarios contemplados no Acordo de prestación do servizo, así como das tarefas a desenvolver.
10. Comunicar coa suficiente antelación, mínimo 10 días, as ausencias temporais do domicilio que requiriran unha suspensión temporal do servizo.
11. Informar os servizos sociais municipais das posibles anomalías que se observen na prestación do servizo por parte do persoal prestador do mesmo.
12. Informar o persoal técnico dos servizos sociais municipais de aquelas enfermidades infecto-contaxiosas que padeza ou que puideran sobrevenir durante a prestación do servizo co fin de tomar as medidas de protección precisas por parte dos/as auxiliares de axuda no fogar.
13. Abonar a achega asignada polos servizos prestados no prazo sinalado así como polos servizos asignados e non realizados por causa imputable o/a usuario/a.

CAPITULO IV ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Artigo 8º.- Organización.

O SAF establécese como un servizo público de organización municipal, integrado nos servizos sociais comunitarios básicos, reservándose o concello a competencia exclusiva das funcións de planificación, programación, dirección técnica do servizo, coordinación, execución, seguimento, supervisión, control e avaliación deste; así como a recepción, avaliación e resolución das solicitudes coa aprobación de altas e baixas.

O SAF poderá ser prestado en calquera das modalidades de xestión, directa ou indirecta, recoñecidas no ordenamento xurídico.

Sendo o SAF un servizo público municipal que presta o Concello da Estrada, como Administración pública, no ámbito das súas competencias, a contratación externa da xestión do servizo realizarase conforme a normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades debidamente autorizadas e acreditadas.

Por outra banda os servizos poderán tamén ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as Administracións competentes ou por entidades de Dereito Público de acordo co establecido na lexislación vixente.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento das atencións sinaladas no artigo 4º da presente ordenanza, serán sempre prestadas por persoal cualificado e contratado para o efecto, e poderán contar coa colaboración de voluntarios para o desenvolvemento de tarefas complementarias en actividades dirixidas á ocupación do ocio, acompañamento dentro e fóra do domicilio, e outras, sempre cunha intervención programada, coordinada e supervisada tecnicamente.

A extensión e intensidade das prestacións do Servizo de Axuda no Fogar que poidan recoñecerse, virá condicionada pola limitación dos orzamentos dispoñibles para este servizo, coa posibilidade de incrementar a partida orzamentaria en función da demanda que se presente, vía modificación de crédito se fose posible.

Artigo 9º.- Relación Concello-usuario.

As persoas usuarias do S.A.D. se relacionarán co Concello a través da traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos da súa zona.

Unha vez concedido o servizo, a/o usuaria/o, o/a representante da empresa adxudicataria do servizo no seu caso e a/o traballadora/r social de zona asinarán un acordo do servizo, como documento formal onde se especificará a tipoloxía das prestacións a recibir, número de horas, días, data de inicio así como a contía a aportar pola/o usuaria/o.

No mesmo documento ou nun anexo ao mesmo faranse constar as normas de desenvolvemento así como as consecuencias que o non pago ou negligencia ou posibles desviacións do programa individual de atención, terán para ámbalas partes. Unha copia do acorde de prestación do servizo e das normas de desenvolvemento entregarase a/o usuaria/o, outra a empresa adxudicataria do servizo e outra incorporarase no expediente administrativo do/a usuario.

En calquera dos casos o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

No caso de cambios ou modificacións da prestación do servizo durante a evolución da situación obxecto de intervención, faranse constar nun novo acordo do servizo, que anulará o anterior. As baixas, no caso de producirse, faranse constar por escrito especificando os motivos, a data e as indemnizacións as que houbera lugar.

Artigo 10º.- Profesionais de intervención no SAF

No desenvolvemento da prestación do SAF intervirán, nun primeiro nivel, os traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello da Estrada, que desempeñan un labor de carácter técnico : diagnóstico, seguimento e avaliación.

Nun segundo nivel intervirán os profesionais e auxiliares de axuda no fogar encargados da execución do servizo .

O persoal intervinente no SAF estará composto polos profesionais que se sinalan, segundo os distintos niveis:

Primeiro nivel:

1. A Responsable Técnica do Departamento de Servizos Sociais, ou o/a técnico/a responsable que no seu momento se determine como responsable do SAF, que terá entre outras as seguintes funcións:

- Programación e avaliación xeral do servizo
- Deseño dos instrumentos de sistematización e xestión da demanda
- Supervisión e control da xestión do servizo
- Estudio e análise das demandas e dos resultados
- Supervisión e control xeral do servizo e coordinación, no seu caso, cos técnicos responsables da entidade adxudicataria para a xestión do mesmo.
- Informe proposta motivada de altas, baixas e modificacións na prestación de servizos, previo informe de valoración das/os traballadoras/res sociais das UTSS.
- Emitir os informes mensuais precisos a efectos de proceder o pago das prestacións a empresa adxudicataria da xestión, se fose o caso.
- Informar mensualmente da achega de usuarios do servizo, os efectos de cobro dos servizos prestados conforme o establecido na ordenanza reguladora do prezo público.

2. As/os Traballadoras/es Sociais das UTSS. Son os profesionais que reciben a demanda fará o estudio e avaliación da situación e deseñara o proxecto de atención individual ou familiar e do seguimento e avaliación do mesmo.

As funcións e tarefas a desenvolver polas/os traballadoras/es sociais das Unidades de Traballo Social

dos servizos sociais comunitarios básicos do concello, serán as seguintes:

- Difusión do servizo na súa zona de influencia
- Información e asesoramento os cidadáns sobre a prestación do servizo.
- Apoio e orientación os/as usuarios/as na tramitación e xestión da solicitude, recabando se fose preciso a documentación precisa de oficio previa autorización do/a solicitante.
- Estudo das demandas individuais, familiares e/ou do grupo convivencial, avaliación e diagnóstico da situación e deseño do Plan de Atención.
- Emitir o Informe Social preceptivo con proposta específica de atención, da intensidade e da participación no pagamento.
- Estimular as responsabilidades dos familiares como cuidadores primarios.
- Comprobación da calidade dos servizos prestados.
- A coordinación dos diferentes axentes intervintes.
- Avaliación e seguimento de cada caso na súa zona de influencia.
- Coordinarse cos profesionais que presten o servizo.
- Informar e formular as propostas de modificación do servizo: ampliación, redución ou suspensión do servizo.
- Cumprimentar o expediente individual/familiar.
- Realizar as xestión e tarefas necesarias para consecución doutros servizos e prestacións complementarias nos casos que sexa oportuno.
- Seguimento e revisión anual das condicións da prestación do servizo coa emisión do correspondente informe.
- Calquera outra tarefa relacionada coa prestación do servizo e atención das demandas dos/as usuarios/as da súa zona de influencia.

Segundo nivel:

O Concello ou entidade/empresa adxudicataria do servizo no seu caso, deberá contar con profesionais cualificados específicos para a execución do SAF, entre os que terá que ter, como mínimo, os seguintes:

1. **Traballador/a Social.** A rateo de persoal de traballadores/as sociais, deberá ser a lo menos, dun/ha traballador/a social a xornada completa por cada 50 persoas usuarias do servizo, como responsable do servizo. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
Ata 99	1 traballador/a social a xornada completa
100 a 199	2 traballadoras/es social a xornada completa
200-399	3 traballadoras/es sociais a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un

As función asignadas, entre outras, serán as seguintes funcións:

- Programación a execucións das propostas de intervencións deseñadas para cada caso
- A valoración da idoneidade do persoal adscrito/a a cada domicilio para a prestación do servizo.
- Asignación e supervisión de tarefas aos auxiliares de axuda no fogar.
- Control da calidade da prestación do servizo.
- Control da execución do servizo e dos profesionais que o desenvolven conforme o Acordo da prestación do servizo.
- Estudio e análise de resultados
- Supervisión e control do seguimento de cada caso dando conta aos profesionais dos servizos sociais municipais.
- Reunións periódicas cos profesionais dos servizos sociais comunitarios básicos do concello
- Comunicar os servizos sociais comunitarios básicos cantas incidencias se produzan na prestación do servizo.
- Prever situacións de marxinalidade e/ou illamento ou prever que os problemas ou limitacións que presenten os usuarios xeren outros.
- Organización e programación da formación e reciclaxe do persoal que fai o traballo domiciliario.
- Informar das incidencias na prestación dos servizo.
- Favorecer o apoio social aos/as usuarios/as facilitando o labor dos voluntarios, fomentando o contacto co exterior.
- Deseñar e supervisar a labor dos voluntarios, cando existan.
- Recadar a documentación e no seu caso emitir informes sociais dos usuarios/as, cando así sexa preciso, para a aplicación de novas prestacións os/as usuarios/as, a petición dos servizos sociais municipais e para a revisión da prestación do servizo.
- Coordinación do servizo cos recursos necesarios
- Emitir os correspondentes informes á responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais, que serán emitidos sempre que as circunstancias o fagan necesario, e que no suposto de supervisión e seguimento do servizo será cada dous meses.

2. Auxiliares de axuda no fogar, como profesional que realizará tarefas de carácter doméstico e persoal en contacto directo coas persoas usuarias do servizo, a súa familia e o seu contorno. Son funcións súas:

- Executar os servizos prescritos e contemplados no Acordo de prestación do servizo.
- De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar

- *Facer ao usuario protagonista do seu proceso de vida e non substituílo naquelas funcións que poida desenvolver por el mesmo.*
- *Apoiar as persoas para crear ou manter hábitos de limpeza da casa, aseo persoal, control de menciñas, etc.*
- *Actuar de enlace entre o usuario e os técnicos do servizo.*

En relación cos auxiliares do axuda no fogar, deberán cumprirse co disposto no Real Decreto 331/1997, do 7 de marzo, polo que se establece o certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar, ou ben co establecido no Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro, pola que se regula a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas a domicilio, sen prexuízo da posibilidade de acreditación da competencia profesional adquirida mediante experiencia laboral debidamente xustificada ou mediante aprendizaxes non formais, de maneira que regulamentariamente se estableza.

- 3. *Persoal voluntario***, se a entidade adxudicataria do servizo conta co mesmo, estes serán persoas, con un mínimo de formación específica, que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de atención correspondente, complementado de xeito coordinado as funcións e tarefas do persoal sinalado anteriormente e nunca poderán suplir as funcións e tarefas dos profesionais. Tamén se poderán incorporar ó servizo membros do Voluntariado Social do Concello da Estrada, seguindo o procedemento establecido nos artigos 11 e 15 do Regulamento Municipal de voluntariado publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 47 do 10 de marzo de 2009.

Artigo 11º.- Calendario e horarios

O Servizo de Axuda no Fogar prestarase tódolos días laborais da semana, en horario normalizado de 8:00 horas ata as 22:00 horas, de luns a venres durante todo o ano, e excepcionalmente, os sábados, domingos e festivos, agás os días 24 e 31 de decembro en que se prestarán os servizos imprescindibles.

Esta excepcionalidade terá que vir informada no correspondente informe social da traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do concello.

Artigo 12º.- Atencións, intensidade, extensión e límites.

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención. Segundo a modalidade de acceso, estas serán :

Para usuarios/as Modalidade A:

As tipoloxías das prestacións do servizo de axuda no fogar, como a intensidade do mesmo, horas, días e duración do servizo, será en cada caso a que se determine na resolución do expediente municipal.

Establecese en 60 horas mensuais o tope máximo de horas a prestar dende o Servizo de Axuda no Fogar.

A concesión do SAF estará condicionada pola dispoñibilidade orzamentaria municipal en cada momento.

En caso de necesidades orzamentarias ou da reorganización do SAF poderase proceder a unha modificación do número de horas concedidas a cada beneficiario/a, que deberá ser notificado ó/a interesado/a cunha antelación mínima de 1 mes.

Para usuarios/as Modalidade B:

As tipoloxías das prestacións do servizo de axuda no fogar, así como a intensidade do mesmo, horas, días e duración do servizo, será en cada caso a que se determine na resolución do expediente da Administración Autonómica (PIA).

O establecemento dos topes máximos das intensidades das prestacións quedarán sempre supeditadas á normativa vixente en cada momento da Administración Autonómica.

A concesión do SAF estará condicionada pola dispoñibilidade orzamentaria derivada do financiamento do servizo conforme o establecido no artigo 16º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de Axuda no Fogar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 13º.- Normas de desenvolvemento do servizo.-

O desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar rexeráse por unhas normas básicas que atinxen tanto ós/ás traballadores/as como ás persoas usuarias do SAF. Estas normas e demais articulado da presente ordenanza será o regulamento de funcionamento do programa.

A normas que se sinalan a continuación, entregaránselle ao usuario/a xunto co acordo do servizo, que será asinado por este/as ou o representante legal no seu caso.

Independentemente das normas que poidan ir implantándose no proceso de execución do servizo, por necesidade do mesmo, establécense como normas básicas as seguintes :

- I. O tempo de atención en cada domicilio non superará ao establecido na resolución da concesión.
- II. O tempo de atención, periodicidade e as funcións e tarefas a desenvolver, serán as establecidas na resolución do expediente de solicitude do SAF. As mesmas constarán no acordo do servizo asinado pola/o usuaria/o.
- III. As actuacións da/o Auxiliar do SAF deberán axustarse ó proxecto técnico establecido. Non recibirá nunca ordes do/a usuario/a nin de familiares, senón do Concello e/ou empresa adxudicataria do servizo. A/O auxiliar do SAF axustarase ás normas detalladas no acordo do servizo e cando por calquera motivo a/o usuario/a queira modificar algún aspecto do mesmo, deberá informarlle que ter que solicitar a modificación no Concello, nas dependencias dos servizos sociais, que iniciará as xestións oportunas que dean lugar, no seu caso, a modificación da prestación.
- IV. A/O auxiliar do SAF non traballará no domicilio da/o usuaria/o en ausencia deste, e se por calquera motivo

a/o usuaria/o non se encontra no domicilio no horario de atención, a/o auxiliar non está autorizada/o a esperar e deberá poñer en coñecemento da traballadora social do SAF a incidencia.

- V. Calquera queixa ou suxerencia da/o usuaria/o respecto do servizo deberá poñelo en coñecemento da traballadora social do SAF ou da traballadora social do Concello, e non será dirimido entre a/o auxiliar do SAF e a/o usuaria/o.
- VI. Cando por calquera circunstancia fose preciso realizar un cambio de horario ou substitución dunha auxiliar de axuda no fogar, poderá realizarse sen mediación da/o usuaria/o, facéndose preciso comunicalo previamente.
- VII. As/os usuaria/os quedan obrigados a comunicar calquera cambio de domicilio, teléfono ou datos económico e socio-familiares aos Servizos Sociais do Concello.
- VIII. A atención establecida no acordo do servizo e no proxecto de intervención individual non pode interferir nin limitar o dereito da/o usuaria/o á súa intimidade; en consecuencia a/o auxiliar do SAF non poderá ser acompañada por ninguén alleo ao SAF cando accede ó seu traballo, e nunca fará comentarios da/o usuaria/o que atenten aos seus dereitos.
- IX. A/o usuaria/o correrá cos gastos dos produtos necesarios para a limpeza, aseo, comida, desprazamento ó médico ou para a realización de xestións, etc.... Só en casos especiais os servizos sociais municipais poderán avaliar a xestión dunha axuda económica por algún destes conceptos.
- X. Cando se trate de apoio no aseo persoal, a/o usuaria/o disporá do xabón, cremas, colonias, etc que sexan de uso persoal e necesario para o seu aseo.
- XI. A/O auxiliar do SAF non permitirá que sexa a/o usuaria/o quen oriente o servizo, e manterá unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.
- XII. Ós/ás auxiliares do SAF non lles estará permitido recibir ou custodiar diñeiro, xoias nin obxecto algún do/a usuaria/o.
- XIII. A/O auxiliar do SAF non disporá de chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento da/o usuaria/o e o coñecemento e aceptación previa por parte da traballadora municipal responsable do seguimento do servizo.
- XIV. As/os usuarias/os absteranse de realizar comentarios sobre a vida persoal ou familiar da/o auxiliar doméstica/o do SAF.
- XV. As/os usuarias/os do SAF aboarán a tarifa

correspondente, en tempo e forma e contía establecidos na resolución, e que estará suxeita á revisión anual ou posibles modificacións do servizo en función da variación da situación económica, socio familiar eu de autonomía persoal.

XVI. Se a/o usuaria/o comunica cunha antelación de 15 días a suspensión do servizo con carácter temporal por un período máximo de 3 meses por motivos xustificadas, poderase reservar a praza, e terá a redución correspondente. En caso contrario non se realizará desconto ningún da tarifa mensual correspondente ao número de horas concedidas. Respecto da suspensión do servizo, tarifas ou importes do copagamento, terase en conta o que determina a Ordenanza Reguladora do Prezo Público do SAF

XVII. As/os usuarias/os presentarán, nos servizos sociais municipais, no mes de xaneiro de cada ano a documentación requirida para os efectos de revisión e continuidade do servizo.

XVIII. O Servizo de Axuda no Fogar non elimina nin substitúe as actividades que a/o propia/o usuaria/o poida realizar e en ningún caso suplantarás as responsabilidades familiares.

XIX. A falta de colaboración da/o usuaria/o e/ou da familia/unidade de convivencia na execución das tarefas propostas, poderá ser motivo de baixa no servizo.

XX. A traballadora social responsable do seguimento do servizo garantirá a supervisión do mesmo, realizando seguimentos e/ou visitas domiciliarias sempre que as circunstancias o fagan necesaria, e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses, do que deixará constancia en cada expediente individual. Como consecuencia do seguimento procederase a revisar e/ou axustar, de se lo caso, as prestacións contempladas no proxecto de atención e no acordo de prestación do servizo.

No suposto de que a xestión do Servizo de Axuda no Fogar sexa externa ao Concello, a empresa adxudicataria do servizo ademais das normas sinaladas anteriormente que sexan de aplicación, deberá axustarse a normativa orgánica de protección de datos de carácter persoal e disposicións sectoriais autonómicas, así como as seguintes normas:

A) A empresa adxudicataria para a prestación do servizo, terá que contar cun regulamento de funcionamento do servizo, onde ademais de recoller todo o establecido na presente ordenanza, deberán figurar o seguinte:

- I. O protocolo de actuación para a intervención nos casos de urxencia e de incidencias
- II. Os horarios de atención ao público nas oficinas centrais da empresa.
- III. O límite dos horarios de atención nos domicilios, establecidas polo Concello.

- IV. Os protocolos establecidos para as substitucións das auxiliares de axuda no fogar.
- V. O cadro do persoal de atención, cos horarios de permanencia nos domicilios e datos de localización.
- VI. Un libro de reclamacións

B) Así mesmo a empresa adxudicataria no proceso de xestión do servizo, unha vez o Concello lle comunique a alta dun/ha usuario/a, deberá abrir un expediente individual por cada persoa usuaria ou unidade de convivencia, que deberá contar con:

- I. Orde de alta
- II. Copia do acordo do servizo
- III. Copia do proxecto individual de intervención
- IV. Identificación dos profesionais asinados á atención directa
- V. Informes de seguimento do caso.
- VI. Calquera outra comunicación o incidencia que teña relación coa a atención prestada.

CAPITULO V

PROCEDEMENTO

Artigo 14º.- Iniciación.

O procedemento para a concesión das prestacións iniciarase de oficio ou a instancia de parte.

A) O procedemento iniciarase de oficio, previa conformidade do/a interesado/a ou do seu representante legal, cando existan circunstancias de emerxencia social (grave perigo para a vida do usuario/a, altas hospitalarias, ausencias temporais e imprevistas de persoas con familiares o seu cargo ou situacións similares nas que se demostre a urxencia) ou cando, no marco de un proxecto de intervención social que se estea levando a cabo polos servizos sociais municipais comunitarios básicos, se detecte unha situación de especial vulnerabilidade que requira da aplicación do recurso do servizo de axuda no fogar.

No supostos de alta de oficio e sempre a criterio da responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais previo informe da traballadora social de zona correspondente, poderá iniciarse a prestación do servizo coa formación a posterior do expediente.

B) A iniciación a instancia de parte levarase a cabo coa presentación da solicitude da prestación do servizo, segundo modelo normalizado, no rexistro xeral do concello ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común. As ditas solicitudes presentaranse asinadas polo/a interesado/a ou o/a seu/súa representante legal, e nas mesmas indicaranse as prestacións que se solicitan e acompañaranse da seguinte documentación:

A solicitude, segundo modelo Anexo I, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- l) Fotocopia do DNI ou NIE do/a solicitante e dos restantes membros da unidade de convivencia.*
- li) Volante de empadramento colectivo dos membros de convivencia.*
- lii) Fotocopia da tarxeta de asistencia sanitaria.*
- liii) Xustificantes de ingresos económicos de tódolos membros da unidade de convivencia, mediante os documentos que se sinalan:*
 - *copia compulsada da declaración fiscal da renda do exercicio inmediatamente anterior ou, no seu caso, certificación acreditativa de non estar obrigado a presentar a declaración da renda.*
 - *certificacións de pensións ou prestacións percibidas no último ano impositivo*
 - *fotocopia compulsada das nóminas correspondentes ao último ano impositivo*
 - *certificacións de subsidios por desemprego*

 - *No suposto de percepción de ingresos irregulares en contía e periodicidade, tomarase a contía percibida nos doce meses anteriores a da solicitude.*
 - *certificacións catastrais sobre bens rústicos, urbanos e industriais correspondentes ao último ano fiscal impositivo*
 - *certificados bancarios acreditativos do saldo e intereses de contas bancarias, depósitos a prazo fixo, fondos de inversión, bonos, obrigacións, accións xunto cos intereses producidos na data da solicitude.*
 - *calquera outro documento acreditativo da situación económica-laboral .*
- liv) Cando corresponda, informe médico que acredite a carencia de autonomía, estado de saúde e prescripción de tratamentos.*
- lv) Cando corresponda, resolución do recoñecemento da dependencia e resolución do PIA.*
- lvi) Recibos do aluguer ou amortización da vivenda habitual.*
- lvii) No caso de que algún dos membros da unidade convivencial sexa discapacitado, certificados acreditativos emitidos polo organismo correspondente (EVO, EVI).*
- lviii) Declaración responsable de non ter dereito a recibir un servizo de similares características por parte doutra entidade (ONCE, MUFACE, ISFAS, ...) ou no seu caso documento que acredite a denegación do mesmo.*

lix) Datos da conta bancaria onde se domiciliara o prezo publico correspondente establecido na ordenanza aprobada o efecto, e a correspondente autorización para efectuar o cargo en dita conta.

Artigo 15º.- Instrución do procedemento

Unha vez presentada a solicitude no Rexistro Xeral do Concello, as traballadoras sociais das UTSS dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello, procederán a apertura do expediente individual/familiar e a avaliación da solicitude ao abeiro do baremo establecido na presente ordenanza.

No caso de que na valoración e comprobación da documentación aportada se deduxera que a mesma figura incompleta ou defectuosa, dende o Departamento de Servizos Sociais requirirase o/a solicitante para que no prazo de 10 días aporte a documentación precisa para subsanar os defectos observados, con indicación de que se así non se fixera, se terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Con independencia da documentación indicada no artigo 14º, durante a tramitación do expediente poderanse esixir a presentación de documentos complementarios que se consideren oportunos en relación coa prestación solicitada. De igual maneira, os/as interesados/as poderán aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo, nos termos establecidos nos artigos 70 e 79 da lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes serán valoradas pola/o traballador/a social da UTS correspondente conforme os criterios de valoración e baremos contemplados na presente ordenanza reguladora. O traballador/a social de referencia emitira o informe proposta, segundo modelo normalizado, onde quedará reflectida a avaliación da capacidade de autovalemento, a situación económica, social e familiar do solicitante e da unidade de convivencia, os apoios sociais ou familiares cos que conta o/a solicitante e outros datos de interese para a resolución da solicitude, así como a proposta técnica do proxecto de atención, indicando os datos de identificación do/s usuarios/as do servizo o tipo de axudas, o nº de horas de prestación do servizo, e o importe do prezo publico que corresponda.

Nos supostos dos demandantes do servizo na Modalidade B, por parte das traballadores/as sociais dos servizos sociais municipais de atención primaria non se realizara a avaliación da situación no informe social, por vir deseñado no proxecto técnico no PIA. Debendo formular só a proposta do proxecto de atención e a valoración do importe do prezo publico que corresponda.

O expediente aberto coa solicitude e maila documentación e o informe social remitiráselle á responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais que, tralas comprobacións que considere oportunas, emitira o informe final de avaliación do

expediente coa proposta de resolución e a data prevista de alta no servizo, segundo dispoñibilidade de horas.

A Alcaldía ou órgano competente, previa proposta da/o Concelleira/o de Benestar Social, ditará a resolución correspondente, sen prexuízo do réxime de delegación desta competencia de conformidade co artigo 124 LBRL.

O órgano competente ditará resolución sobre a solicitude presentada no prazo máximo de tres meses dende a presentación da mesma. Dita resolución será notificada os/as interesados/as. Transcorrido o prazo de tres meses sen que se produza a correspondente resolución expresa, entenderase por desestimada a solicitude do servizo.

No caso de que a resolución da solicitude sexa positiva, e en función da dispoñibilidade do servizo ó abeiro do informe da responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais, o/a solicitante e outros usuarios se os houberse, membros da unidade de convivencia, pasarán a ser dados de alta no SAF, ou ben incorporados á lista de espera (coa excepción dos solicitantes da Modalidade B), ocupando o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente trala baremación do mesmo. No caso de unidades familiares con varios usuarios o titular do servizo será o/a usuario/a solicitante. No caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude.

A resolución do órgano competente deberá contemplar, en todo caso e como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) decisión adoptada en termos de concesión ou denegación.
- b) Indicación de que a resolución pon fin a vía administrativa e dos recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial perante o que houberse de presentarse e prazo para interpoñelos.

Cando proceda a concesión do servizo, a resolución deberá conter ademais os seguintes aspectos:

- Identificación da/s persoa/s beneficiarias do servizo. No caso de unidades familiares poderá haber un ou varios usuarios/as.
- Modalidade de acceso ao servizo
- Número de horas e periodicidade da prestación
- Importe mensual a abonar polo/a solicitante no concepto de prezo público.

Unha vez se aprobe a alta no SAF, a responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais procederá a comunicación de alta e a remisión do programa individual de intervención á empresa/entidade adxudicataria da xestión do SAF, que deberá proceder a alta no prazo máximo de sete días dende a comunicación. Unha vez que a empresa adxudicataria comunique a alta á responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais, esta dará o correspondente traslado aos Servizos da Intervención Municipal .

As demandas da Modalidade B que non podan ser dados de alta por non existir dispoñibilidade no servizo, se comunicará á Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (no seu día a quen teña as competencias da Lei

39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia), segundo o establecido no artigo 17 da presente ordenanza.

No suposto de que un/unha solicitante da Modalidade A supere os seis meses na lista de espera, ou a data de solicitude non se corresponda co mesmo ano económico da previsible data de alta, antes de proceder a súa alta como usuario do SAF será preceptiva unha nova avaliación da situación por parte do/a traballador/a social de zona.

Os usuarios do Servizo de Axuda no Fogar relacionaranse co Concello a través da/o profesional técnico de referencia, que salvo que se determine outro profesional por criterios organizativos, será o/a traballador/a social de zona.

Para a posta en funcionamento do servizo será requisito previo imprescindible que o/a usuario/a interesado/a asine un acordo de servizo. Desta maneira, unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, acordarase entre os servizos sociais comunitarios básicos do Concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo de servizo. Asinará así mesmo os impresos ou formularios que a intervención municipal estableceza para o cobro da prestación do servizo, no suposto de ter que contribuír ao pago do mesmo.

No caso de cambios ou modificacións da prestación do servizo durante a evolución de la situación obxecto de intervención, farase constar un novo documento de acordo de servizo que anulará o anterior. As baixas que se produzan, constarán por escrito especificando os motivos, a data e as indemnizacións as que houber lugar.

Os/as usuarios/as do SAF estarán obrigados a comunicar á ao Departamento de Servizos Sociais calquera modificación que se produza con respecto ó cambio de domicilio, teléfono, as ausencias, así como a variación na súa situación socioeconómica persoal e familiar.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

Nunha conxuntura de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución da Alcaldía en base a proposta motivada da/o técnica/o responsable da Área en Servizos Sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de xeito inmediato, previo informe da situación dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello, sen prexuízo, da posterior instrución do procedente expediente no prazo máximo de un mes dende a alta de urxencia.

Artigo 16º.- Avaliación da situación de necesidade para acceder ao SAF e acceso. Baremo de aplicación.

Establecese dous sistemas de avaliación para o acceso ao Servizo de Axuda Fogar:

PARA USUARIOS/AS MODALIDADE A :

Establecese como sistema para a concesión do servizo o de avaliación das solicitudes mediante un baremo que permita o outorgamento dunha puntuación a cada expediente en razón directa ao grao de necesidade estimada, mediante a avaliación acumulada de distintos factores da unidade de convivencia.

O baremo de situación de necesidade establece un sistema de puntuación que terá en conta o grao de autonomía persoal, a

situación socio-familiar, a situación económica, a idade do beneficiario e outros factores que afecten á convivencia familiar o que incidan na convivencia.

En relación cos conceptos de unidade de convivencia e rendas computables, terase en conta o establecido no punto C deste artigo.

O baremo que se establece deberá contemplar as seguintes variables:

A.- Grado de autonomía:

O grao de autonomía apreciarase segundo os niveis de contraste que ofrezan a situación do usuario a vista o informe médico presentado. Estes niveis podarán ser de completa dependencia, de limitacións severas, limitacións lixeiras e autonomía completa.

- O grao de completa dependencia aplicarase a familias e a persoas con discapacidade o enfermidade que requiran atención de intensidade alta e/ou continuada, ben por parte da familia o en réxime de aloxamento en centros especializados (centros de día u outros).
- O grao de limitacións severas aplicarase aos casos que requiran atención media e/ou continuada, nos que o Servizo de Axuda no Fogar completa as carencias do/a usuario/a.
- O grao de limitacións lixeiras aplicarase aos casos que requiran asistencia circunstancial e/ou descontinua do Servizo de Axuda no Fogar.

B.- Situación socio-familiar.

O criterio orientador a ter en conta será o da dispoñibilidade na atención, ante situacións manifestas de necesidade no entorno do fogar familiar, sen prexuízo das accións que puideran exercitarse para garantir o cumprimento das obrigas de coidado dos pais respecto aos fillos e destes respecto de aqueles, previstas no Código Civil.

C.- Situación Económica.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de unidades familiares, ademais do usuario/a titular (solicitante do servizo) poderán ser usuarios outros membros da unidade de convivencia.
2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio, unha vez deducidos a parte proporcional dos gastos derivados do arrendamento ou amortización da vivenda. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.
3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de

contido económico de que sexa titular a/s persoa/s usuaria/s do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de co-titularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a/s persoa/s usuaria/s tivesen cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.
6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.
7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.
8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida. Establecese un mecanismo de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, a efectuar no mes de xaneiro de cada ano.

D.- Outros factores:

Valorarase calquera outra circunstancia, non valorada nos apartados anteriores, e que o/a traballador/a social estime que incide negativamente na situación de necesidade da persoa ou familia solicitante. Circunstancia que deber ser suficientemente motivada no informe social.

E.- Idade:

Estableceranse intervalos de idade priorizando os menores de 12 anos e maiores de 80.

O baremo ponderado dos factores a computar para o acceso ao SAF e sinalados anteriormente figuran no Anexo III da presente Ordenanza. A puntuación obtida establecerá a orde de priorización de acceso ao servizo, en orde de maior a menor, tendo que obter unha puntuación mínima de 39 puntos para poder acceder ao Servizo de Axuda no Fogar no caso de persoas con dificultades de autonomía e 25 cando se trate de outros colectivos.

PARA USUARIOS/AS MODALIDADE B :

Non se realizará avaliación por parte das/os traballadoras/es sociais municipais, dado que o acceso ao servizo é directo, segundo o sinalado no artigo seguinte. As traballadoras sociais, debendo realizar proxecto de atención correspondente á resolución do PIA.

O Informe de proposta de alta da responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais, deberá axustarse ao proxecto de atención elaborado polas traballadoras sociais dos servizos sociais de atención primaria do Concello e a correspondente resolución do PIA da valoración da dependencia.

No suposto de que puideran existir contradicións entre o establecido no PIA e o proxecto de intervención dos servizos sociais do Concello, por parte destes, solicitarase da Administración Autonómica unha nova valoración.

Artigo 17º.- Acceso ao Servizo de Axuda no Fogar.

PARA USUARIOS/AS MODALIDADE A :

Establecese o sistema de libre concorrência, que poderá ser a instancia de parte de conformidade ca Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común; ou de oficio, cando as circunstancias debidamente acreditadas no expediente o xustifiquen.

Para ser usuarios/as do SAF deberán alcanzarse, a lo menos, 39 puntos no caso de persoas con dificultades de autonomía persoas e 25 puntos cando se trate de outros colectivos, na avaliación do expediente segundo a aplicación do baremo establecido na artigo 16 da presente ordenanza.

A orde de prelación para o acceso ao SAF, establecerase segundo a puntuación acadada polo seu expediente trala aplicación do baremo sinalado, iniciándose a concesión de maior a menor puntuación. Coa excepcionalidade dos suposto de intervención familiar, cando a alta sexa de oficio por necesidade urxente avaliada pola responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais, previo informe social da traballadora social correspondente.

No caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

No suposto que a demanda supera a dispoñibilidade orzamentaria, se configurara unha listaxe de espera por orde de puntuación, que establecera a orde de alta no servizo.

Para usuarios/as Modalidade B :

Accederán ao SAF por procedemento directo, aquelas persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grado e nivel, ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e consente co establecido no Decreto 176/2007, de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito de acceso as prestacións económicas do sistema para a autonomía persoa e atención a dependencia, e na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se

establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidade de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

No suposto que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a priorización para a concesión será de maior a menor grao de dependencia e nivel. No caso de igualdade, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. No suposto que a demanda supera a dispoñibilidade orzamentaria para a atención a dependencia, procedente da subvención concedida pola Xunta e Galicia- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-, e non podan ser dados de alta, o Concello debera comunicarllo á Consellería que teña as competencias no desenvolvemento da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, a efectos de que se proceda a ampliación do financiamento correspondente.

Artigo 18º.- Causas de extinción , modificación ou suspensión temporal do servizo.-

Con carácter xeral, por tratar dun servizo asignado pola administración, a extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo de axuda no fogar, requirirá a tramitación do correspondente expediente, co trámite de audiencia da persoa interesada cando proceda, e a resolución da Alcaldía ou da Concelleira delegada responsable dos servizos sociais.

Serán causas de **extinción** do servizo de axuda no fogar recoñecido a un usuario/a, e por conseguinte a baixa no mesmo, as seguintes:

- 1) Pasamento do/a usuario/a.
- 2) Ingreso en residencia de maiores do/a usuario/a.
- 3) Traslado definitivo da súa residencia fora do Concello da Estrada.
- 4) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas
- 5) Non facer efectivo o prezo público a satisfacer polo servizo prestado.
- 6) Incumprimento das condicións do contrato.
- 7) A non aceptación ou incumprimento das normas do servizo.
- 8) Ocultación ou falsidade de datos tidos en conta para a concesión do servizo. No caso de tratarse de datos económicos poderá supoñer o reintegro do 100% do custo do servizo dende a data de alta no mesmo.
- 9) Renuncia voluntaria, neste caso deberá asinar o/a usuaria/a o documento de cesamento, e quedará invalidada toda vinculación co Concello.
- 10) A permanencia no domicilio de familiares ou persoas obrigadas a prestarlle as atencións, cando exceda de dous meses, dará lugar a extinción, segundo o informe social da traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello. (Non aplicable aos usuarios/as da Modalidade B).
- 11) Perda de algún dos requisitos ou condicións esixidos para ser beneficiarios do servizo.
- 12) Non aportar a documentación que puidera solicitarse

- en relación co seguimento do servizo recoñecido.
- 13) Suspensión temporal motivada do servizo durante un prazo superior os 3 meses.
 - 14) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
 - 15) Por outras causas de carácter grave que imposibiliten a prestación do servizo.

Serán causas de **modificación** das condición da prestación do servizo de axuda no fogar, previo informe de valoración por parte do traballador/a social de referencia, as seguintes:

1. A recuperación ou perda da autonomía persoal ou familiar.
2. A modificación dalgunhas das causas que motivarán a súa concesión.

Serán causas de **suspensión temporal** do servizo de axuda no fogar as seguintes:

1. Ausencia temporal do domicilio da persoa usuaria. Esta deberá acreditar as causas da ausencia, que quedarán debidamente xustificadas no expediente .Neste suposto o servizo poderá suspenderse ata un máximo de 3 meses, que se poderá ampliar no caso de situacións especiais. No caso de suspensión por ausencia temporal do servizo, a superación do prazo previsto de suspensión sen que houberse retornado a persoa usuaria ao domicilio ou comunicado o prazo previsible de retorno cunha antelación mínima de 15 días, será motivo de extinción.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo. A suspensión do servizo durará mentres persista o cambio das circunstancias causantes da situación.
3. Por incumprimento de algunha das obrigacións da persoa usuaria, cando non sexa causa de extinción.
4. Cando existan dúbidas razoables de que se puideron producir variacións nas circunstancias persoais, familiares ou económicas que poidan supoñer a modificación ou baixa no servizo, e non fosen notificadas os servizos sociais polo/a interesado/a ou persoal responsable, dende a Unidade de Traballo social da zona procederase a requirir a documentación oportuna e a verificación da situación. Durante o período de comprobación poderase proceder a suspensión cautelar mentres non se efectúe a valoración da situación.

En calquera das causas sinaladas, será necesario o informe social do/a traballado/a social de referencia, co visto e prace da responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais, que deberá ser incorporado ao expediente individual/familiar.

CAPITULO VI

CUSTO E FINANCIAMENTO DO SERVIZO

Artigo 19º.- Custo e financiamento do servizo .

O servizo de axuda no fogar financiaranse coas achegas da Administración Xeral do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, do Concello da Estrada, e coas achegas dos propios os/as usuarios/as do SAF de acordo co establecido no título VI da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e no artigo 16º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Ó tenor do establecido nos artigos 2, 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación dos Servizos de competencia da entidades locais, sempre que non concorra ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.B) da mesma.

Artigo 20º.- Participación do usuario no financiamento do servizo.

O Concello regulara e xestionara o sistema de contribución ao financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, en función da capacidade económica destas, mediante a correspondente ordenanza.

Os/as usuarios/as do SAF colaboraran, en función das súas posibilidades, ao financiamento do custo do Servizo, podendo ser clasificados en dous grupos: os/as exentos de pagamento e os/as de pagamento porcentual , en función das súas posibilidades económicas.

Os criterios para determinar a participación dos usuarios/as no custo do servizo serán os seguintes :

Para usuarios/as Modalidade A :

As persoas usuarias colaborarán no financiamento do SAF en función da capacidade económica obtida segundo o establecido no artigo 16º da presente ordenanza.

Os criterios para determinar a participación das persoas usuarias no financiamento do servizo serán os seguintes :

- 1 Tendo en conta o carácter social e de servizo público do Servizo de Axuda no Fogar, dado que é unha das prestacións básica de servizos sociais, establececese que en ningún caso a contribución económica da persoa usuaria poderá ser superior ao 65% do custo efectivo do servizo prestado.
- 2 No suposto de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendos de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.
- 3 Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa de pagamento do servizo:
 - 3.1 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% e non excedan do 150% do IPREM aboaran o 5% do custo do servizo
 - 3.2 Persoas usuarias cunha capacidade económica

- superior ao 150% e non excedan do 200% do IPREM
aboaran o 10% do custo do servizo
- 3.3 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 200% e non excedan do 250% do IPREM
aboaran o 15% do custo do servizo
- 3.4 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 250% e non excedan do 300% do IPREM
aboaran o 20% do custo do servizo
- 3.5 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% e non excedan do 350% do IPREM
aboaran o 30% do custo do servizo
- 3.6 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 350% e non excedan do 400% do IPREM
aboaran o 40% do custo do servizo
- 3.7 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 400% e non excedan do 450% do IPREM
aboaran o 50% do custo do servizo
- 3.8 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 450% e non excedan do 500% do IPREM
aboaran o 60% do custo do servizo
- 3.9 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% abonarán o 65% do custe do servizo.

4 Poderán acceder ao SAF en réxime de gratuidade e de forma excepcional, e sempre a proposta da responsable técnica do Departamento de servizos sociais, aqueles casos nos que a prestación se conceda como unha medida de control necesaria para os casos nos que se advirtan situacións de alto risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar por situacións de desestructuración familiar e/ou exclusión social.

Para usuarios/as Modalidade B :

A porcentaxe da achega dos/as usuarios/as do SAF na Modalidade B quedarán sempre supeditadas á establecida pola Xunta de Galicia na resolución do Plan Individual de Atención da valoración de dependencia..

No suposto de non figurar na resolución do PIA a achega do beneficiario ao custo do servizo, se aplicará a táboa establecida para os usuarios da modalidade A .

Artigo 21º .- Documento do procedemento.

Para una xestión homoxénea do servizo de axuda no fogar, os documentos establecidos no procedemento de xestión serán elaborados pola responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais, e mediante a correspondente instrución serán de aplicación por todos os traballadores sociais dos servizos sociais de atención primaria do Concello. Estes documentos serán os seguintes e cos contidos que se sinalan:

1. Solicitud segundo o modelo que se achega como Anexo I da presente ordenanza
2. Informe social para baremación das solicitudes é o documento técnico onde queda reflectida a avaliación da capacidade de autovalemento, a situación económica, social

e familiar do solicitante e da unidade de convivencia, e outros datos de interese para a resolución da solicitude, así como a proposta técnica do programa de intervención. que dará resposta ao establecido no artigo 16 da presente ordenanza.

3. Acordo de servizo que deberá asinar a persoa usuaria ou representante legal, como compromiso de respecto ás normas do servizo, así como a aceptación das tarefas que vai desenvolver, horarios, días e a achega económica correspondente, segundo o establecido no artigo 15 desta ordenanza. Anexo II
4. Normas de desenvolvemento : Tal como se establece no artigo 13 da presente ordenanza, o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar rexeráse por unhas normas básicas que atinxen tanto ós/ás traballadores/as como ás persoas usuarias do SAF. Estas normas e demais articulado da presente ordenanza será o regulamento de funcionamento do programa.
5. Baremo, establecido para a avaliación dos expedientes e priorización das necesidades, que deberá recoller todos os conceptos sinalado no artigo 16 da presente ordenanza. Anexo III
6. Táboa de copago: para determinar as achegas dos/as usuarios/as ao custo do prezo público do servizo, que serán revisadas anualmente a tenor do establecido no artigo 20 desta ordenanza.
7. Informe médico onde quede reflectido o grao de autonomía que se apreciará segundo os niveis de contraste que ofrezan a situación do usuario. Estes niveis podarán ser de completa dependencia, de limitacións severas, limitacións lixeiras e autonomía completa.
8. Listaxe/ padrón de usuarios/as onde quede reflectido o nome e apelidos do usuario, horas e días de prestación, tipoloxía das prestacións, capacidade económica, custo do servizo e a porcentaxe e contía da achega ao custo do servizo por parte do/a usuario/a.

A responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais poderá desenvolver, mediante instrucións, os criterios de avaliación técnica e de xestión que incorpore novas apreciacións de circunstancias sociais contidas na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Prezo público e procedemento de cobro.-

Ó abeiro do establecido nos artigos 2, 41 a 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais o Concello da Estrada aprobará a correspondente ordenanza reguladora do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar.

Ao abeiro do establecido artigo 44.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e a tenor do

carácter social do Servizo de Axuda no Fogar, o Concello fixará as achegas dos/as usuarios/as por debaixo do custe do servizo, en razón directa cos ingresos dos/as correspondentes usuarios/as e/ou unidades de convivencia.

Ó abeiro do establecido no artigo 18º e 19º da presente ordenanza e en relación co establecido co artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, mentres non se regule o prezo público pola prestación dos Servizos de Axuda no Fogar, as resolucións de acceso ao SAF realizaranse conforme a Ordenanza Reguladora do Prezo Publico polo Servizo de Axuda no Fogar no Concello da Estrada, aprobada por acordo plenario do 10 de outubro de 1997 e publicada no BOP de Pontevedra nº 8 de 14 de xaneiro de 2008, ata a data do día primeiro día do mes seguinte da entrada en vigor da ordenanza fiscal, na que se terá que aplicar as tarifas correspondentes segundo a nova ordenanza.

A obriga de pago nace dende a data de alta efectiva do/a usuario/a no Servizo de Axuda no Fogar e extínguese coa finalización da prestación do servizo por calquera das causas sinaladas no artigo 18º da presente ordenanza.

O procedemento de cobro será o que determinen os órganos competentes do Concello da Estrada na correspondente ordenanza reguladora do prezo público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: Valoración da situación dos/as usuarios/as do SAF con data de alta anterior a entrada en vigor da presente ordenanza:

No prazo de seis meses dende a entrada en vigor a presente ordenanza, procederase a revisión da situación dos/as usuarios/as que figuran en situación de alta no SAF con data anterior a entrada en vigor da mesma, a fin de realizar as modificación oportunas conforme o establecido na presente regulamentación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-

Queda derogada a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 13 de febreiro de 1998 e publicada no BOP da provincia nº 73 do 20 de abril de 1998.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.-

A entrada en vigor desta ordenanza unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, derrogará a Ordenanza Reguladora do SAF vixente na actualidade, aprobada por este Concello en sesión Plenaria celebrada o 13 de febreiro de 1998 e publicada no BOP de Pontevedra nº 73 do 20 de abril de 2009.

A Estrada, 28 de maio de 2009.”

2º.- Ordenar que, polo Departamento de Servizos Sociais, se proceda á publicación do anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincial e na páxina Web municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días.

3º.- Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN RELACIÓN COA CONTA XERAL DO ORZAMENTO 2007. Polo Sr. Alcalde Presidente dáse conta do asunto de referencia.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o correspondente ditame aprobado cos votos a favor dos Concelleiros do PSOE, do BNG e CIDEGA, e coa abstención dos membros do Partido Popular da correspondente Comisión Informativa.*

Non habendo intervencións se procede á votación, adoptándose o seguinte ACORDO polos votos a favor do PSdeG-PSOE (9), BNG (3) e CIDEGA (2), e coas abstencións dos Concelleiros do PP (7):

Vistas as contas anuais e demais documentación que forman o expediente da Conta Xeral do exercicio 2007.

Visto o ditame acadado na Comisión Informativa de Facenda e Contas en sesión do 5 de marzo de 2009.

ACORDAMOS:

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento de 2007.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN RELACIÓN COS ORZAMENTOS XERAIS 2009. Polo Sr. Alcalde Presidente dáse conta do asunto de referencia.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o correspondente ditame aprobado cos votos a favor dos Concelleiros do PSOE e do BNG, e os votos en contra do Partido Popular e CIDEGA.*

O Sr. Alcalde concede á palabra á Concelleira Delegada de Facenda e Contas, Dña. Isabel Ruiz Ferro: *Os Orzamentos para o ano 2009 ascenden a 12.161.000,00 € o que supón un 4,83% de aumento sobre os Orzamentos do ano pasado. Polo que respecta a ingresos e gastos, podemos dicir que os ingresos correntes significan 410.321 euros, un 3,79% por enriba dos do ano pasado; polo que se refire aos gastos correntes, ascende a 9.828.118 euros, un 6,55% por enriba dos do ano pasado; e os gastos de capital ascenden a 12.161.000 euros, un 4,83% por enriba dos do ano pasado.*

Polo que respecta a datos, é moi aburrido dar tantas cifras, polo que imos a facer un resumo, xa que os Concelleiros coñecen o Orzamento e o discutiremos despois. Estes Orzamentos nos levan a unha porcentaxe de endebedamento do 44,73% referidos a ingresos correntes de exercicios liquidados, un 44,73% de endebedamento alonxado do máximo permitido para solicitar un préstamo sen necesidade de autorizacións da Xunta de Galicia.

Os fondos propios, que os definimos como a capacidade de aforro do Concello, no ano 2009 ascenderon a setecentos sesenta e sete mil e pico euros, no ano 2008 eran novecentos noventa e sete mil. Non se puideron acadar este ano as cifras do ano 2009 pero hai moita diferenza con respecto ao ano 2007, que foron de noventa e sete mil euros (estes datos referidos a ingresos correntes do ano en curso). O aforro neto do ano 2009 ascende a un millón cincocentos noventa e cinco mil e pico, o que significa un 14,30% dos ingresos correntes (falamos, neste caso de exercicios xa liquidados); o ano 2008 o aforro neto era de trescentos trinta e sete mil e pico euros, un 3,12% dos ingresos correntes, e no ano 2007

cento un mil e pico, un 0,93%; todo isto nos di que neste ano o aforro neto é bastante superior ao dos outros anos. Respecto ao nivel de cumprimento dos Orzamentos dos anos pasados, no ano 2006 foi dun 52,19%, no ano 2007 de 81,65% e no 2008 do 72,48%.

Estes Orzamentos levan tamén unha partida para persoal de 125.000,00 euros para crear un plan especial de emprego anticrise co cal poderemos facer fronte ao emprego duns 22 desempregados

Eu penso que é un Orzamento austero, como corresponde a unha situación de crise xeneralizada como é á que estamos sometidos; austeridade si, pero que non rebaixa para nada as prestacións e protección sociais. Tamén se trata dun Orzamento rigoroso e equilibrado, así o consideramos, que contribúe á estabilidade e a dar confianza aos cidadáns.

A capacidade inversora do Concello penso que segue en ascenso a pesares de que este ano hai unha pequena rebaixa de sesenta e un mil e pico euros, porque hai que ter en conta que temos pendentes de realizar os investimentos coa liquidación do ano 2007, que ascende a 1.292.000 €, e tamén están aí os investimentos do Estado (FEIL); entón, os investimentos deste ano, considerando pendente o que se está realizando, son practicamente históricos para A Estrada.

O nivel de endebedamento, como dicíamos anteriormente, é baixo, polo que consideramos que isto vainos a permitir acoller e desenvolver o PXOM, demostrando a capacidade económico do Concello.

Tamén queremos sinalar que se aplicou unha política de aforro no gasto corrente, por primeira vez baixan os gastos correntes neste Concello, tendo en conta que os gastos correntes están previstos para maquinaria do Concello e que hai moito gasto corrente derivado de solicitudes dos cidadáns de novos servizos, como podemos ver en moitas partidas. Non se incrementa a presión fiscal aos veciños, tratamos de facer por todos os medios unha axeitada xestión para que o potencial da facenda pública aumente.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular, D. José López Campos: Boas noites a todos e darlle a benvinda á nova Concelleira. Dirixíndose a ela: paréceme que debutas nun Pleno un tanto especial e, dende logo, desexarte que teñas unha boa estancia entre todos nós e que aportes moitas cousas ao funcionamento do Concello. Quero tamén dar as grazas aos medios de comunicación que asisten hoxe, ademais dos veciños, persoas e funcionarios deste Concello que nos acompañan hoxe nun Pleno de Presupostos cargado, creo, de información, datos, obxectos, estratexias distintas, etc., dende logo un Pleno distinto que evidencia cales son as estratexias que teñen uns partidos e as que temos outros partidos á hora de xestionar os fondos públicos e á hora de facer unha xestión óptima dos recursos dos cidadáns.

Eu quero, antes de empezar a plantexar as iniciativas que forman a estratexia deste Partido Popular, iniciativas en positivo, sempre intentando colaborar para chegar a bo fin e a bo porto e sempre con ese ánimo positivo de colaboración, pero gustárame antes de nada facer unha pequena mención á exposición que fixo a compañeira Concelleira delegada de Facenda e que, dende logo, non queremos pasar por alto que deixa ver claramente as luces do Partido Socialista e do BNG na xestión municipal destes últimos dous anos. Podería vostede empezar a súa intervención recoñecendo que está a aprobar os Orzamentos no mes de xuño cando teñen a maioría suficiente para aprobalos en tempo e forma. Quero recordarlle que no ano pasado vostede trasladou a responsabilidade do retraso ao Partido Socialista, quen foi o que gobernou no Concello ata o mes de outubro, mes no que asinaron ese fatídico pacto que non ten máis que incumprimentos; vostede cargou a responsabilidade no Partido Socialista de que non se tiveran preparados os Orzamentos e que, como vostede entrou no mes de outubro, non tivera tempo para preparalos, pero agora que vostede ten a competencia e a obriga de xestionar a facenda local, non é que os presente no mes de marzo como se presentaron antes por culpa do Partido Socialista, senón que os presenta no mes de xuño con seis meses de retraso e nunha situación económica na que eu creo que o Concello debería ser un órgano administrativo dinamizador do que é a situación económica actual, e, nesta liña, comentou na Comisión varias veces que practicamente non ten repercusión o retraso da aprobación destes Presupostos e é certo de que non ten repercusión, xa que son exactamente os mesmos que os do ano 2008, que no ano 2007 e que no ano 2006. Vostedes ían a cambiar a forma de xestionar os fondos públicos que tiña o Partido Popular, poñían o grito no ceo por esa xestión e, dende logo, pola mala xestión deses recursos,. Sen embargo, vostedes están multiplicando por cen os erros que se cumpriron con anterioridade. Con isto

non quero dicir que se fixeran as cousas sempre ben pero, dende logo, vostedes están facendo bo o goberno e a xestión do Partido Popular durante 15 anos no Concello da Estrada, cos seus problemas, porque está claro que si os tivo, pero vostedes están a conseguir agrandar a figura e a xestión do Partido Popular. E chegan agora presentando uns Orzamentos que eu creo que non cumpren unha soa das expectativas para solucionar as necesidades que ten hoxe en día a cidadanía do Concello da Estrada. Os Orzamentos son un compromiso e unha folla de ruta para o goberno, xa que nos di cal é a estratexia que vai a seguir o goberno municipal durante un ano (neste caso non é durante un ano senón para os próximos seis meses, porque é o tempo que queda para rematar o ano). Esa estratexia se basea única e exclusivamente en seguir mantendo ese gran pozo sen fondo que é o gasto corrente, cousa que vostedes tanto criticaron sendo oposición e que, incluso, chegaron a poñer nunha situación extrema ao Concello porque o gasto corrente consumía o oitenta por cento dos recursos totais do Concello, e agora vostedes, quero recordarllo á Concelleira de Facenda, o gasto corrente está no 80,82% do Presuposto total do Concello; isto é cambiar as cousas, isto é xestionar as cousas de forma totalmente distinta, isto é o que realmente comprometeu o bipartito cando entrou a gobernar no Concello da Estrada, ese compromiso de cambiar as formas e a xestión. Dende logo, Orzamentos máis parecidos aos que eran no 2004 e 2005 ou 2006 eu non o podería atopar. E seguramente están facendo unha xestión bastante precaria, pero, nesa liña, vostedes seguen mantendo as partidas que, dende logo, recortan de maneira importante a capacidade inversora e dinamizadora do Concello. E, claro, cun gasto corrente de 9.800.000 euros é moi difícil xestionar este Concello e nós o sabemos, porque no seu momento nos tocou gobernar e sabíamos (como se lle dixo moitas veces ao Sr. Espiño, as fabas son fabas contadas) que a situación do Concello non permite tampouco grandes ledicias, pero si había un compromiso que reflexa un pouco cal é a actitude do Partido Socialista, é dicir, que fan o contrario do que din, din o que a xente quere oír pero cando lle toca executar, fan totalmente o contrario do que dixeron. Neste caso están facendo exactamente o mesmo, a historia repítese e, dende logo, vostedes non son capaces de xestionar en tempo e forma os recursos de todos os veciños.

A Concelleira falaba dun Orzamento austero e supoño que cando dixo isto púxose colorada, o supoño porque non teño o pracer de vela dende aquí, pero creo que falar de austeridade cando se mantén un gasto corrente de 9.800.000 euros é bastante aventureiro, sobre todo sabendo os apuros que están a pasar moitos cidadáns pola situación económica na que estamos metidos. Tamén fala de que o nivel de endebedamento é baixo e outra vez se desmorona a gran mentira do grupo socialista, porque o Partido Popular deixara ao Concello nunha situación de bancarrota e a situación do Concello da Estrada é óptima, moitísimo mellor que outros Concellos da súa categoría e, dende logo, é certo que ten un nivel de endebedamento relativo baixo, pero iso, se tiveramos de verdade unha visión estratéxica e quixeramos prantexar un Orzamento que non fora un mero trámite de traelo a este Pleno para continuar na mesma liña que se está a facer agora, se quixeramos realmente actuar sobre a problemática actual que teñen os veciños e veciñas da Estrada, os empresarios e os comerciantes, teríamos un colchón importante para poder actuar, para poder tomar medidas que realmente mitigaran os efectos desta crise.

Ademais, non se pon colorada vostede, Sra. Ruíz, cando fala de que ese nivel de endebedamento baixo nos vai a axudar a pagar o PXOM, pero ¿que PXOM?, ¿de que PXOM me está a falar vostede?, ¿do que se comprometeron nese pacto de goberno fai máis dun ano no que ían a cumprir o compromiso dos seis meses do señor Alcalde, dos doce meses, de antes das eleccións autonómicas, como prometeu de forma pública e asinado nun documento escrito, sustento base do seu acordo de goberno?; que PXOM vamos a aprobar se nos anos que levan a gobernar nin sequera se ve unha partida consignada para ir destinando fondos para poñer en marcha ese Plan Xeral e desenvolvemento urbanístico. Está claro que este non é un documento pensado para aprobar o Plan Xeral e iso non mo poden discutir, porque non hai unha soa mención, nin unha soa esperanza de que no que queda de ano se aprobe ese documento.

Entón, eu creo que está ben falar de cifras e podémonos aburrir de cifras, pero detrás de estas cifras, detrás deste expediente, que se cambiou dúas ou tres veces, está unha estratexia política, e esa estratexia política (que pon enriba da mesa o Partido Socialista e o BNG) é una estratexia que para nós está viciada e fracasada dende o seu inicio, porque non contempla nin unha soa actuación que poida dar solución aos problemas dos nosos veciños

Tamén tocou outros temas nos que non podía estar máis desafortunada a Sra. Ruiz: falou dos 22 desempregados que se van a contratar. A nós non nos parece (cousa que plantexamos e non quero entrar nun análise da iniciativa que presentou o Partido Popular) unha boa medida subsidiar a 22 persoas durante cinco meses para que traballen para o Concello, iso non nos parece unha política destinada a dinamizar os sectores económicos e produtivos, porque son eles e non a Administración os que teñen que producir o efecto e empezar a cambiar a situación, son os sectores produtivos os que teñen a capacidade de dinamizar e volver a reverter e cambiar esta situación de crise pola que estamos atravesando e non a Administración. A Administración non ten que subsidiar senón que ten que poñer os medios para que os comerciantes, negociantes ou autónomos poidan realizar a súa actividade e poidan, outra vez, xerar riqueza e cambiar ese ciclo económico. Entón, parécenos desafortunado por un lado a medida e por outro a forma na que se toma esa medida, unha forma totalmente unilateral por parte do goberno, que se nos presenta unha vez xa presentados os Orzamentos como unha emenda propia onde queren recoller un plan anticrise onde queren contratar a 22 desempregados e que non chegan sequera ao un por cento dos empregados que ten hoxe en día a oficina do INEM na Estrada; esa vai a ser unha medida que vai supoñer un esforzo de máis de vinte millóns de pesetas e que non vai a solucionar a situación en absoluto e vai a minorar esa situación durante cinco meses ao 1,5% dos parados que hoxe en día hai no Concello da Estrada, polo que nos parece realmente unha medida desafortunada e, dende logo, e sobre todo porque lle vemos a cola a esta decisión (como a todo que fan vostedes) e que é romper unilateralmente un pacto que tiñan establecido cos Sindicatos, pacto que o goberno asumiu para incorporar aos Orzamentos municipais a masa salarial para a posta en marcha da RPT, e que vostedes rompen ese acordo e o toman de forma partidaria. Entón, indo nesa liña, nós quixemos aportar a nosa visión sobre a situación actual e quixemos aportar unha emenda que fora perfectamente factible e asumible; non quixemos plantexar en ningún caso unha emenda impracticable nin buscar unha forma que comprometera excesivamente ao gasto do Concello, nós sabemos que ao gasto corrente e difícil meterlle man pero tamén é certo e vostedes non o poden negar, que o Informe de Intervención o reiteraba co goberno do Partido Popular e o segue reiterando co actual goberno, e vostedes se facían os fortes nese argumento, facíanse fortes no gasto corrente, facíanse fortes no pagamento das horas extras, facíanse fortes en moitos temas de xestión mala por parte do Partido Popular pero que vostedes agora están multiplicando e acrecentando coa súa xestión. Nesa liña, nós queremos uns Presupostos que sexan axustados ás necesidades reais dos veciños da Estrada. Sabemos que estamos nunha situación de crise, unha situación moi difícil, sobre todo, para as economías que afectan ás familias estradenses, e sabemos que temos unha situación que no último ano incrementamos a situación de desemprego na Estrada en un corenta e medio por cento, cifra realmente alarmante e que quere dicir que nos situamos agora mesmo en cifras en que calquera goberno sensible e cunha pouca de visión estratéxica tería que tomar algunha medida e sen inventar nada, nós non inventamos nada, non hai máis que ver cales son as medidas e decisións que están a tomar outros gobernos municipais de non moi lonxe aplicando medidas e plans anticrise que permitan dinamizar a economía. Entón, nós plantexabamos a posta e marcha deses mecanismos. Tamén somos conscientes da situación de crise na que estamos pero tamén é verdade que a Administración ten que ser a primeira en poñerse ao fronte nun proxecto de austeridade, porque se queremos dicirlle aos veciños que están a pasar por unha situación económica mala, que teñen unha inestabilidade laboral importante, que hai un medo fundamental (recóllelo todas as enquisas) de poder quedarse nunha situación de desemprego. Se realmente queremos ser sensibles, non só temos que selo, senón tamén parecelo, dando exemplo para poder pedirilles aos demais que actúen en consecuencia. O goberno municipal tiña neste momento unha oportunidade histórica de dar un exemplo á cidadanía e de comprometerse cun plan de austeridade e que permitira recortar, non eliminar, para facer axustes para conseguir unha partida económica para poder poñer en marcha eses proxectos dinamizadores.

Na liña anterior, analizamos o Informe de Intervención, coincidimos en moitos dos temas que recolle ese Informe e empezamos a falar de temas que son susceptibles de mellorar na súa xestión municipal. Todos sabemos (outra cousa é que non a queiran facer) que a xestión de fondos públicos que se fan no Concello é susceptible de mellorar de forma considerable, e propoñemos que nun dos puntos importantes que recolle o informe de Intervención, que por certo informa en contra porque, como dixen antes, aquí hai dous

raseiros, vostedes acaban de facer unha emenda a un punto da Orde do Día no que había un Informe de Intervención con reparo, sen embargo vostedes sacan adiante os Presupostos cun reparo formulado por Informe de Intervención no que se fala que se está excedendo nas capacidades máximas que permite a Lei no caso das gratificacións, onde vostedes reflexan 111.800 euros, cando o Informe de Intervención emite reparo porque se pasan vostedes do límite dos 52.700 euros que permite como máximo a Lei, e nesa partida nós propoñiamos un recorte, non a eliminación da partida das gratificacións, senón simplemente deixalo no importe que a Lei permite e aplicar ao redor de 52.000 euros para esa bolsa de medidas anticrise.

Despois fala tamén de gastos que nós consideramos que todos, nas nosas economías, cando estamos pasando unha situación difícil, hai gastos de primeira necesidade que non podemos actuar sobre eles, pero si hai gastos superfluos de onde temos que empezar a recortar, e aí falamos de prensa, libros, protocolo, propaganda..., gastos onde propoñiamos un recorte do 50% e que suporía aforrar en prensa e libros 15.000 euros, en protocolo 16.000 euros, en publicidade e propaganda 32.700 euros, o que permitiría un aforro de 70.000 euros. A parte, propoñemos tamén na partida de gastos diversos non xustificadas deixar 17.000 euros e aforrar 20.000.

Sabemos que hai gastos que si hai que xestionar, nós non queremos cortar a capacidade de xestión deste goberno, pero, dende logo, si debemos facer un esforzo importante nesa liña, e esta é a proposta que plantexamos.

Na partida de reparación, mantemento e conservación que ascende, practicamente, a 400.000 euros, o Informe de Intervención fai mención ao desfase dos gastos correntes, recomendando un axuste e unha mellor xestión, isto o di o Informe de Intervención; neste caso nós propoñemos un aforro do 15% e que permitiría recadar 60.000 euros.

Ademais, na partida de subministros, que ten tamén mención explícita no Informe de Intervención dicindo que non se fai unha xestión óptima nos recursos, propoñemos facer un recorte do 5%, apretarnos o cinto porque estamos nunha situación difícil, o que permitiría aforrar 210.000 euros.

Despois, en canto a Departamos de Cultura, Deportes, Festexo e Turismo, cremos que é importante fomentar esas actividades, pero hai que priorizar; neste momento de pouco vale que teñamos unha boa obra de teatro na Estrada cando temos dúas mil persoas no paro que non poden ir ao teatro, comer e chegar a fin de mes. Entón, na vida hai que priorizar e este é o momento de facelo e, polo tanto, plantexamos unha redución nesas partidas do 15% e que permitiría un aforro de 88.000 euros.

Despois plantexamos un tema que é unha mostra do que é a xestión do Concello, se trata da xestión de Urbanismo. Parece que, dende logo, non se cumpriu ningunha das expectativas que vostedes plantexaron nos seus inicios, e non o poden achacar a carecer de medios para elo, creo recordar que nos Presupostos que están aquí se está a aprobar un gasto de 300.000 euros en persoal do Departamento de Urbanismo, mentres que na época anterior non era nin a metade. Ademais se trata dun Departamento que non funciona, que non se xestiona, que ten un compromiso de aprobar un Plan Xeral que non está nin se lle espera, polo tanto, hai que tomar decisións; ademais, consideramos que, especialmente, un dos grandes problemas é a falta de xestión que deberíase ter nese Departamento e que prexudica o seu funcionamento. Entón, plantexamos a eliminación da dedicación parcial da Concelleira de Urbanismo e do Arquitecto Técnico interino contratado no seu momento por acumulación de tarefas e que agora xa se fixo a contratación de forma recorrente, dúas dedicacións que nos seus soldos ascendería á cantidade de 67.000 euros e, por encima, estou seguro que se o facemos melloraría a xestión do Departamento de Urbanismo, estou case seguro.

Finalmente, temos entre as medidas propostas dentro do plan de austeridade eliminar unha praza que vostedes crearon no Presupuesto de 2008 de persoal de confianza. O goberno anterior viña con dúas prazas de persoal de confianza e vostedes crearon unha terceira praza e que ultimamente parece ser que ten moito movemento, debe ser que teñen problemas de recolación ou algún tipo de xestión á hora de incorporar persoal ás súas prazas de confianza, e que ven supoñendo un gasto de 22.300 euros anuais.

¿Que conseguimos con todo isto?, conseguimos ter unha bolsa de 600.000 euros que, segundo a nosa proposta é perfectamente asumible, e destinalos integramente ás partidas de promoción de emprego e a unha partida de dinamización económica e apoio ás iniciativas empresariais.

¿Que podemos facer para solucionar a problemática actual?, temos un órgano que se chama Consello Económico Social que, vendo o seu funcionamento, non lle vexo moito sentido, pero nós cremos que tería sentido creando un comité neste Consello formado por persoas que participe na economía empresarial da Estrada e poñer na súa man un plan deseñado por todos, un plan de choque e unhas medidas efectivas para poder corrixir e cambiar a situación actual do mercado laboral e das nosas empresas. Esta sería unha medida efectiva, sería unha decisión que tería o apoio e a colaboración do Partido Popular.

Sería moi interesante que todos os partidos que formamos parte da Corporación chegáramos a un acordo para sacar adiante estes Presupostos porque todos sabemos cales son as necesidades que ten un Concello á hora de xestionar, e sabemos tamén cal é a situación actual e, dende logo, nós o plantexamos coa intención de apostar e apoiar en positivo, de aportar a nosa idea de sobre como sería a xestión que faría o Partido Popular no caso de que tivera competencia para gobernar, pero parécenos increíble que o goberno non tivera a decencia de negociar estas emendas nin sequera de lelas, porque o día que nós as presentamos e a Concelleira Delegada fixo un repaso para dicir, unha a unha, que as medidas que nós propoñiamos non eran asumibles e a verdade aquilo era máis digno dunha película de ciencia ficción ou dunha de Fernando Esteso e Pajares que dunha Comisión de Facenda e, dende logo, nin nos convenceu nin nos dou argumentos para dicir que as nosas emendas non eran factibles, tan só dixo que o gasto corrente non se podía recortar porque non se pode recortar xa que hai moito gasto corrente e hai que mantelo, claro que hai que mantelo e priorizalo, hai que xestionar e saber cales son as realidades e necesidades do Concello e, dende logo, vostedes se están a esquecer cales son as prioridades do pobo, están xestionando para manter os seus apoios e os seus votos e, dende logo, ao final, senón ao tempo, esas cousas se chegan a pagar. Pero a nosa proposta non era desmesurada nin desmedida, eu creo que tiñamos intención de presentar unha proposta aberta co ánimo de chegar a negociar, non se aceptou nin se tivo vontade de negociación con ningunha das emendas presentadas e, dende logo, iso desmonta a verborrea do Sr. Espiño cando di que o Partido Popular na oposición non fai ningunha aportación, eu creo que vostedes están pechados en banda, perderon a referencia do que é a xestión pública, perderon a referencia de cales son as necesidades reais dos veciños e, por todo iso, quérolles dicir que este Presuposto non pode contar co noso apoio, dende logo non vai a contar co apoio do Partido Popular, é un Presuposto insuficiente, un Presuposto que non soluciona nada da problemática actual e, polo tanto, nós vamos a votar en contra, ao non ser que recapaciten e cambien o rumbo antes de tempo e poidan aceptar e negociar en positivo algunha das propostas que fixo o Partido Popular.

A continuación, toma a palabra o Concelleiro de CIDEGA, D. José M. Reboredo Baños: *Boas noites, en primeiro lugar darlle a benvida a Belén e desexarte éxitos, como dicía o Sr. Alcalde, na túa xestión e compartas con nós todo o que resta desta lexislatura e que te sexa de proveito.*

Despois de escoitar á Concelleira subscribo totalmente as palabras do portavoz do Partido Popular, é dicir, parece ser que ou nós non sabemos ler os Presupostos ou vostede fixo unha exposición moi por enriba, en todo caso moi tendenciosa en canto á utilidade dos mesmos.

Nós temos que dicir que estes Orzamentos do 2009 están baseados en catro aspectos fundamentais. Por un lado a temporalidade, é dicir, está fóra de tempo; non vou a repetir os argumentos do meu compañeiro, pero está claro que imos con seis meses de retrasos e, polo tanto, a súa aplicación vai a ser practicamente nula no que resta do exercicio, é dicir, despois de pasar os límites legais de exposición pública dos mesmos ven o verán e xa estamos no último trimestre para executar algunha das partidas que, teoricamente, poderían incidir na recuperación ou contribuír a minorar a situación dos veciños e veciñas da Estrada. Pero, ao mesmo tempo, temos que dicir que son uns Orzamentos continuístas, é dicir, non observamos nada novo, diferente e esperanzador, porque seguemos centrados en aumento de gasto de persoal, no aumento de gasto corrente e na redución da inversión. Por tanto, temos que dicir que son uns Orzamentos que non van a contribuír para nada á saída da crise na que están os nosos veciños. Ao mesmo tempo temos que dicir que son uns Orzamentos improvisados, porque despois de ter seis meses máis os tres meses do ano anterior no que se supón que se está a traballar nos mesmos, resulta que despois de dez días dende que se convoca a Comisión de Facenda, vostedes cambian o criterio tres veces,

primeiro presentan unha partida para a RPT de 140.000 euros, despois, na segunda Comisión, unha partida nese mesmo concepto de 251.000 euros e logo onte, ás dúas e media da tarde, recibimos un correo electrónico dicindo xa que non vai ningunha das dúas, senón que vai unha nova de 126.000 euros; evidentemente, iso é un exemplo claro da falla de criterio que ten o grupo de goberno, falla de criterio e de planificación, en definitiva, a falla dunha liña de política clara, concisa e orientada aos obxectivos que deben ter os Orzamentos municipais. Pero todo isto non nos sorprende, porque estamos a ver o que está a pasar co Plan Xeral, o Polígono de Lagartóns, o Polígono Industrial, beirarrúas de Codeseda,... é dicir, en definitiva unha nula xestión. Tamén se tratan duns Presupostos baseados na soberbia, porque vostedes créense que están no centro do mundo e son posuidores da verdade absoluta e, polo tanto, á oposición nin caso, aínda que poida aportar algunha proposta que poida ser asumida. Analizado todo o anterior, temos un orzamento que non responde á realidade porque non hai ningunha medida dirixida aos sectores productivos, non hai ningunha iniciativa para que o día de mañá os veciños poidan recordar, porque, en definitiva, non son medidas para actuar, na medida do posible, dende o Concello nesta situación de crise.

Tamén son uns Orzamentos baseados na incapacidade porque se trata duns Orzamentos asentados no gasto corrente, e facemos fincapé neso porque xa o dixo o compañeiro, é dicir, vostedes eran os defensores do recorte daqueles gastos que lle atribuían a outros grupos políticos como desorbitados, falamos de persoal dimensionado, cantas veces escoitamos aquí mesmo, no Salón de Plenos, que a plantilla da Estrada estaba sobredimensionada, que o gasto corrente ía por un camiño sen control... en definitiva, máis do mesmo e nada novo.

Pero tampouco non podíamos facer a nosa intervención sen tocar aspectos concretos sobre o seu proxecto de Orzamentos. Mire, en gasto de persoal estamos a subir o 9,31%, é dicir, chegamos aos 4.093.000 euros, o que supón 585.000 euros máis que no exercicio do 2007 e 348.000 euros máis que no exercicio 2008. O gasto corrente situámosto en 4.775.000 euros, 737.000 euros máis que no 2007 e pouca incidencia con respecto ao do 2008 segundo teño escrito aquí, pero, segundo a vosa última modificación, vou a crer nos seus datos, nos que di que era menor a incidencia; pero nestes dous Capítulos estamos no 73,41% do Orzamento polo que, evidentemente, estamos hipotecados e, como consecuencia, baixa a inversión; vostedes que sempre clamaban ao ceo dicindo que as inversións eran escasas, agora báixanas un 4,64% e, si o analizamos, vemos que desa inversión de 1.200.000 euros, 422.000 euros van a fondos propios, soamente 422.000 euros van a fondos propios e o resto se vai ao Capítulo de préstamos. Por tanto, non están a contribuír en absoluto á dinamizar os sectores productivos.

Analizado todo, chegamos a unha conclusión: incoherencia. Unha vez máis temos que denunciar a incoherencia do grupo de goberno. Neste momento necesitamos uns Orzamentos claros que se adapten á realidade, que sexan austeros no gasto (que non o son, Sra. Concelleira), que a cidadanía os entende e os asuma e, en definitiva, que sexan solidarios; entendemos que 2009 debe ser un ano solidario, por iso nós fixemos unha emenda, e a fixemos coa conciencia de que era posible executala, esa emenda nosa é ambiciosa, oportuna, razoada, solidaria e posible, e faciámola como unha emenda de máximos para negociar, valorar e chegar a acordos e, polo tanto, poder contribuír en positivo. Esta emenda fixémosla chegar e voulla explicar para que queea clara á cidadanía, aínda que xa a dimos a coñecer a través dos medios de comunicación:

Nós seguemos apostando (témolo aquí recollido) polo compromiso adquirido polo persoal municipal para recuperar o poder adquisitivo perdido durante tantos anos, por iso, no ano 2007 o goberno anterior comprometeuse cos Sindicatos a consignar o 5% da masa salarial para esa recuperación e co compromiso que no 2008 se volvía a recollo outro 5% ata chegar a ese 10%, pero claro, ¿con que nos atopamos?, atopámonos con que o goberno foi incapaz durante o 2007 e 2008 de resolver ese problema. Eu recordo, Sr. Alcalde, cando se estaban a redactar os Presupostos de 2009, que lle dixen: “Sr. Alcalde, recorde que no 2007 había un compromiso do goberno anterior do 5% e outro compromiso do 5% para o 2008”, e díxome vostede: “¿Como?, ¿Outro 5%?”; e díxenlle: “Si”, e contestoume: “Vostede está tolo”, si, si, Sr. Alcalde, foi nas Oficinas Xerais diante da fotocopiadora, o recordo perfectamente, foi a súa resposta textual á proposta. En todo caso, nós dicimos que o 2009 debe de ser un ano solidario. O dicimos porque vostede vai a ser incapaz (como ven vostede demostrándoo) de aprobar o RPT, polo tanto, entendemos que debe de facerse un

sacrificio tanto pola parte política como do persoal para poñer en marcha este ano políticas que incidan directamente na mellora da situación socio-económica da cidadanía, por iso fixemos a proposta ao mesmo tempo que presentamos que os catro grupos políticos con representación no Pleno deste Concello sigamos asumindo o compromiso de que no 2010 fagamos efectiva esa recuperación salarial dos funcionarios. Claro, entón presentamos propostas e dicimos que deixamos en “stand by” a RPT do 2009 e suprimimos o 50% das horas extras, porque cremos que con ese 50% dáse cabida ás urxencias que teñen os distintos servizos e aforramos 216.000 euros; e dicimos que podemos reducir o 15% do gasto corrente. Xa sei que esa cifra do 15% parece desorbitada pero non é, máis nin menos, que retrotraer o gasto corrente ao exercicio 2007, mire, ano 2007, gasto corrente: 4.038.000 euros; ano 2009: 4.775.000 euros; polo tanto, temos 750.000 euros en gasto corrente e nós propoñemos reducir ese gasto corrente en 716.000 euros. Como estamos pedindo un sacrificio aos funcionarios e persoal contratado, tamén os políticos temos que poñer da nosa parte, e dicimos “vamos a renunciar en plan de solidariedade, nós, os Concelleiros, ás asignacións por asistentes a Plenos”, creo recordar que son 75.000 euros no Orzamento. En definitiva sae unha cantidade en torno a 1.126.000 euros e que ven a supoñer un 87% máis dos que vostedes destinan a inversión no seu exercicio.

Tamén dicimos, creen unha Comisión na que esteamos todos os representantes dos grupos políticos e o Consello Económico e Social para debater cales son as políticas máis directas para incidir na cidadanía e que a poidan favorecer, e poñelas en marcha, como, por exemplo: sectores productivos, plans de emprego, axudas a universitarios que poidan ver perigar o seu acceso á universidade porque a súa situación familiar sexa precaria. Por tanto, vamos a valorar dentro desa Comisión estas situacións e, dende aí, nese esforzo e nese sacrificio dirixir esa inversión, que os cidadáns van a entender, valorar e agradecer. Definitivamente, con isto pretendemos dous obxectivos claros, baixar o gasto corrente e o Capítulo de persoal ao 65,67% (cremos que unha cantidade bastante aceptable) e incrementar a inversión nun 88,80% e plans de emprego.

Claro, vostedes non len a proposta que fai CIDEGA, nin a valoran e nos saen cunha proposta totalmente descafeinada, xa que nos din que retiran parte do asignado ao RPT para destinalo a plans de emprego, pero nós dicímoslle, Sr. Alcalde, se vostede quere manter o compromiso cos funcionarios e non atende a outras emendas que van máis alá, teno moi fácil, cumpra o seu compromiso Sr. Alcalde, o que é moi fácil, mire, vulló a explicar, retire vostede as horas extras (151.000 €), porque se a RPT vai a regular o funcionamento do persoal funcionario e laboral deste Concello entendemos que se vai a asignar aos postos específicos a xente necesaria, polo tanto renuncie vostede ás horas extras e terá a cantidade suficiente para cumprir o compromiso cos Sindicatos para esa RPT. Pero vou máis alá, non so o 50%, se quere manter o 100%, nós o apoiamos para recortar o 2,5% do gasto corrente e así poderá ter vostede 120.000 euros para dedicar á RPT.

Por todo o dito, nós pedimos que reflexionen e retiren este proxecto de Orzamentos. Non pasa nada 15 días máis para a súa aprobación, sentémonos todos os grupos políticos (se é que hai vontade) para analizar e chegar a acordos e estou seguro de que conseguiremos uns Orzamentos que satisfagan aos veciños, ao persoal e, en definitiva, a todos os estradenses.

Se concede a palabra ao Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Manuel Otero Espiño: Non esperabamos flores nin vitores, nin moito menos, máis ven cualificativos como incompetencia, incapacidade, negligencia, displicencia e todas as esencias e ansias eran agradables neste sitio, pero o que non esperaba era un cualificativo do señor Campos cara ao meu discurso de verborrea; grazas señor Campos, ei de pasarlle unha copia do seu discurso de hai uns minutos para que o cualifique tamén vostede, a ver que cualificativo lle pon.

Evidentemente, nós esperabamos isto. O Presuposto está claro, é unha expresión cifrada das previsións do Goberno e para dar resposta a uns obxectivos e unhas metas, unhas previsións cara a iso e cara a unhas actuacións para levar a fin nese ano. A palabra austeridade, parece ser que non lle gusta á oposición pero bueno, despois falaremos de cifras e agradecer, dende logo, que non botaran moito man das cifras anteriores porque, dende logo, non lles conviñan. O goberno é quen ten a responsabilidade de elaborar os Presupostos e de executalos, así como a obriga de dar respostas ás demandas dos cidadáns, e con estas finalidades se fixeron estes Presupostos que, en resumo, van dirixidos a manter e

mellorar os servizos de atención aos cidadáns e dar unha resposta satisfactoria a esas demandas veciñais que nos viñeron chegando. Evidentemente, a oposición está no seu dereito e así o fixo, xa que ten o deber e a responsabilidade de formular as emendas e alegacións que considere oportunas, tanto parciais como totais, neste caso foron emendas parciais que, concretamente, se dirixen a case un Capítulo e, logo, a outro de forma colateral. O que está claro é que agradecemos as propostas que tivo a oposición nestas emendas, algunhas aceptadas parcialmente, non na súa totalidade, pero é que estamos nun triángulo equilátero onde no seu centro estarían os Presupostos e todos nós distantes nos acordos e puntos de encontro, porque nin vostedes están de acordo no mesmo, porque CIDEGA propón unha capacidade de aforro de 1.127.805 euros e o Partido Popular 600.000 euros, máis o menos, e o goberno aceptar o que hai aquí e que é o necesario para dar resposta aos veciños e cidadáns.

Agradecía antes que non entraran en cifras pero, evidentemente, o señor López díxoas moi ben, doulle unha saída ao toro moi brillante de forma que o mandou cara aos tabloides e que alí o teñan os segundóns. Mire unha cuestión: é evidente que non son os Presupostos que máis nos gustarían a nós, a nós gustaríanos uns Presupostos máis ambiciosos e máis inversores e ter unha capacidade de recadación e unha capacidade de inversión que dera moito mellor resposta ao que agardan os cidadáns dos Presupostos, pero como vostede mesmo dixo ao recordar palabras miñas, as fabas son as que hai e os criterios os ten o grupo de goberno para a súa aplicación e dar resposta a esas demandas que os veciños poñen.

Respecto do Capítulo I, Gastos de Persoal, saben vostedes perfectamente en que está xustificado. Primeiro, nos incrementos impostos pola Lei do Estado, polas catro persoas que veñen para o Servizo de Recadación e, logo, por todo o persoal interino que pode haber por acumulación de tarefas acumuladas e substitucións, así como o plan de emprego anticrise que a vostedes non lle gusta tanto. En cato ás gratificacións tan laureadas e tan vilipendiadas nestes últimos días neste Pleno, eu quero recordarlle aos señores da oposición, porque naquel momento ían no mesmo xugo, no 2007 a cantidade de 102.780 euros, o 19,75% dos complementos representaban as gratificacións do persoal, incluso había un escrito remitido pola Delegación do Goberno do ano 2003 reprobando esas prácticas, evidentemente, nos anos 2004, 2005, 2006 e 2007 os informes de Intervención eran semellantes, por iso quen te ha visto e quen te ve señor López de Miqueler, claro, de aquela vostede era goberno e agora é da oposición, moito aprenderon dos socialistas para coller o discurso case ao pé da letra. Mire, neste ano 2009 son 9.000 euros máis e pode que poidan ser minimizables, pero a práctica diaria de xestión nos di que hai que mantelas, polo menos, como previsión e non atoparnos a mediados de ano con redución de servizos.

No Capítulo II é onde se lanzan vostedes en picado, pero bueno, mire, o Capítulo II é onde o gasto corrente pode ser reducible pero estes gastos van encamiñados a dar resposta a aquelas persoas máis necesitadas e mellorar os servizos. Vostedes falan de retirar en “reparación, conservación e mantemento” bueno, primeiro dicirlles que vostedes se confunden nos datos porque din que son máis de 400.000 euros e non, son 399.000 euros, así que claridade e exactitude para vostede que é de ciencias porque eu son de letras. Seguindo, propoñían un aforro do 15%, dígame ónde, ¿en vías urbanas?, ¿en vías rurais?, ¿en mellora de alumado público?, ¿en transporte? (cando temos unha flota máis vella e que cada vez necesita máis reparacións), dígame onde vai a aforrar vostede ese 15%. “Materiais, subministros e outros”, aí pon un aforro do 5%, tamén dígame onde; “Material de oficina”, eu creo que é imprescindible o consumo e será semellante o consumo que pode haber hoxe co do 2007; “Subministros”, ¿que quere vostede?, ¿aforrar en enerxía eléctrica?, apagamos aos veciños o alumado público, non funciona o bombeo, paramos os coches e aforramos en combustible; porque estas partidas son idénticas ao 2007 e, mire, con respecto a subministros, eu invítolle a que veña comigo e ver as facturas dos subministros que se produciron e o aforro que se está a ter nos mesmos, temos máis adquisición e subministración e a mellor prezo, precisamente, porque concorriron máis empresas en réxime de competencia para que, si queren subministrar a este Concello, teñen que aportar prezos máis competitivos, e iso foi o que conseguimos. Dicía tamén sobre as primas de seguro: nas primas de seguro conseguimos un aforro de case 20.000 euros e están aí as facturas para velo e senón míreo na consignación orzamentaria onde ten un aforro de 20.000 euros menos que no ano 2007, algo que se traslada a outros gastos como a electricidade, por exemplo; tamén, “Gastos diversos”, pero si está por debaixo dos niveis do

2007. Mire, este grupo de goberno na súa xestión xa aforramos 70.000 euros en servizo de Recadación, 12.000 euros en indemnización por dietas (que vostedes gastaron no 2007), 10.000 euros por indemnizacións fóra de servizo, 19.000 euros por seguros e non lle digo o que aforramos en subministros cando temos máis cantidade de subministros recadados, e vostedes non queren falar das inversións porque, claro, estamos no ano en que máis do 50% do que está consignado no Presuposto vaíse a inverter neste Concello e os veciños o están a ver e o van a ver e, claro, mire, no 2007 planificaron, programaron e orzamentaron 1.194.117 euros, pero aí había cinco plans plurianuais que consumían o 45% dese Presuposto do 2007; contaban vostedes con 579.000 euros da Deputación, máis do 50% da inversión, ¿sabe vostede canto tiñan vostedes de fondos propios nesas inversións?, 55.000 euros escasos, esa era a boa xestión que vostedes eran capaces de facer e non quero recordarlles a capacidade de xestión do Presuposto que tiveron neses momentos. Mire, as inversións neste Concello van a ser históricas e vaíse a tardar anos e anos en volverse a ver, dígolle que rebasan os 6.200.000 euros nos distintos plans que hai, entre o propio Presuposto, o Plan FEIL e a incorporación dos Remanentes vamos a ir a máis de 6.000.000 euros en inversións que os cidadáns si o van a ver, van a valorar e colocar cada cousa no seu sitio.

Respecto ás emendas, as emendas léemolas o que pasa é que non aportan nada. Estamos de acordo nunha cuestión e que é a difícil situación económica, a ninguén con sensibilidade e que viva o día a día na rúa, nun bar, na saída da igrexa, en calquera punto da cidadanía, ve cales son os temores dos cidadáns, dos asalariados e por conta allea, pero estamos en desacordo coas cifras que vostede manexa intencionadamente, xa que vostede fala da variación interanual pero omite os datos que lle interesan, porque tendo en conta os datos interanuais da Estrada cos que saíron onte (que vostede non mencionou) a Estrada tivo un notable incremento do 31,1% do paro... lamentable... para todos sería apetecible un nivel de desemprego cero; pero, mire, Lalín (que vostedes poñen de exemplo) dende que os socialistas (semente do demo) entramos neste goberno, lle subiu un 42% con todo o potencial industrial que ten Lalín. Ben, non é que nos felicitemos por ese resultado, non, nin moito menos, non estamos contentos con el, so lle quero dicir que non hai que crear alarma nin sensación de pesimismo e, moito menos, ser apocalípticos. Evidentemente, vostede nos Plenos transcendentales parece San Juan coa espada flamíxera e vamos.... parece que é o fin do mundo, e contando cos datos de onte, aínda que non é para bailar tangos nin para tirar flores, pero son un síntoma positivo, é dicir, cen estradenses menos están no INEM o que quere dicir que algunhas medidas económicas están a dar resultado, non só na Estrada, senón tamén noutros ámbitos, é dicir, que certas medidas económicas están a dar resultado e oxalá esa liña descendente da curva do desemprego continúe e se acelere ata dar unha resposta satisfactoria para todos.

Tamén estou en desacordo coas ambigüidades das súas propostas, porque dígame vostede as partidas concretas de onde quere sacalas porque, polo menos, o señor Reboredo si o fixo.

Para rematar, outro tema destes días nos medios de comunicación, nas Comisións e demais, "salarios e gratificacións". Señor López non o vexo eu a vostede con bandeiras e pancartas nas manifestacións de traballadores, nunca o vin, nin a ningún do Partido Popular; sempre fomos os de esquerda os que ostentamos a bandeira do sindicalismo e a bandeira dos traballadores, estou a dicir algo que é unha realidade histórica, as pancartas e as bandeiras de reivindicación dos traballadores sempre as levamos os da esquerda; sempre; e así chegamos a onde chegamos. Sexamos coherentes e respondamos en todos os foros, porque sabemos perfectamente cales son as prácticas do Partido Popular para solventar a crise económica: atacar ao que ten máis a mano, é dicir, aos funcionarios. E mire, en 1996 o señor Aznar na máis subir ao poder conxelou durante dous anos consecutivos o soldo a todos os funcionarios do Estado e das Comunidades Eutónomas e a todos os funcionarios en xeral; a Comunidade de Madrid semi-conxelou os salarios dos seus funcionarios, e, mire, leve vostede unha iniciativa á Xunta de Galicia presentándolle unha interpelación á súa Conselleira ou á Conselleira do seu partido para que pretenda conxelar o salario de todos os funcionarios para o ano que ven, tome vostede unha iniciativa dese tipo. Mire, na negociación cos funcionarios, paréceme de mala intención e, dende logo, entremeterse nas negociacións que están abertas, coas propostas que están enriba da mesa e que, no seu momento, chegarán ao punto que teñen que chegar. Mire, a solución ten que ser

sindical e non política, non nos intoxicamos máis con este tema e non nos demos á demagogia fácil como estamos a facer con este tema.

Dicia vostede tamén que o plan especial de emprego era impresentable e que non valía para nada. Vaia vostede a explicar aos 22 posibles traballadores cando estean traballando que si fora polo seu voto non atopaban eses cinco ou seis meses de posible paliativo á situación económica na que se atopan. Ademais, hai que predicar con coherencia, porque a Deputación de Pontevedra acaba de contratar a 170 traballadores para os Concellos, ben para administrativos ou ben peóns, e a Xunta de Galicia vai a contratar 4.000 traballadores para colocar nos distintos Concellos. Claro, ao mellor para aquí non mandan ningún; e o Concello de Forcarei, que linda con nós, está aplicando unha medida semellante. ¿Que pasa? ¿nalgúns sitios é bo e noutros é malo?, ou acaso ¿a Deputación despilfarra os cartos e non fai políticas de emprego? Ou ¿a Xunta de Galicia, colocando a 4.000 persoas, non fai unha boa política a favor do emprego e de paliar a situación económica de determinadas familias?. Sexamos coherentes.

En resumo, paréceme que a súa actitude é interesada, que buscou nestes aspectos un rédito político confrontando, incordiando, estorbando e enturbando a realidade, actitude insolidaria cos propios traballadores e, incluso, insolidaria cos 22 posibles traballadores contratados, e, sobre todo, irresponsable, non aporta ningunha solución aos problemas da Estrada. O único que fai é lanzar globos sonda, coller a escopeta e disparar a destro e senestro e, como pase por alí un corvo ou unha pega, cae, porque, claro, como vostede dispara seguido ou se sae da órbita ou non se da salvado. Eu quixera que vostede fixera un exercicio de responsabilidade, un exercicio de coherencia política e, xa que vostede ten tanto interese pola Estrada, leve a cabo o seguinte: na web do Parlamento de Galicia todos os cidadáns poden acceder ao traballo dos distintos grupos e distintas Comisións e aos distintos parlamentarios que hai alí, alí hai unha serie de actuacións dende o Partido Popular que asignou vostede e que me produce a sensación de que vostede é un apátrida, xa que temos “ iniciativa asinadas polos Sr. López Campos: pregunta en Comisión sobre a posición do goberno galego en relación coa instalación de parques eólicos no literal galego de Lugo/ Pregunta en Comisión sobre a realización dun Convenio co Concello de Cerdedo para a urbanización da rúa Fonde de Brandes/ Pregunta en Comisión sobre o financiamento do curso universitario 2009/2010 (neste caso a algún estradense afectaralle)/ Pregunta na Comisión sobre as actividades da Fundación Galega para a Sociedade e Coñecemento .../ Proposición non de Lei polo trámite de urxencia sobre a actuación que vai a levar a cabo o goberno galego co fin de reforzar os medios persoais e materiais do servizo de vixilancia aduaneira na Mariña lucense/ Proposición non de Lei das actuacións que vai a levar a cabo o goberno galego para reforzar e incrementar os servizos de vixilancia e control na franxa norte da costa galega”. Estas son as iniciativas que o Sr. López Campos, no tempo que leva como Diputado e Concelleiro na Estrada, asinou no Parlamento de Galicia. Todas elas positivas e, dende logo, favorables para A Estrada, unha mellora substantiva no nivel de vida dos cidadáns. Mire, Sr. López Campos, sexamos serios e coherentes, a arrogancia e a prepotencia son enemigos da eficacia e da competencia, e vostede é moi arrogante e moi prepotente.

En resumo, o que estamos aquí, hoxe, a debater son uns Presupostos para o 2009 responsabilidade do goberno municipal na súa xestión e elaboración e, evidentemente, a oposición non está na obriga, nin te o deber e o compromiso, para dar o visto e prace pero, en calquera caso, serán os cidadáns os que xulguen as xestións do goberno no ano 2011, porque a vostedes xa os xulgaron no 2007 cunha sentenza condenatoria. Trátase dun Presuposto que responde aos obxectivos previstos, aos obxectivos posibles, non aos desexables, e, dende logo, son os mellores Presupostos que nesta situación podíamos facer para A Estrada Nada máis Sr. Alcalde, moitas grazas.

Intervén a Concelleira delegada de Facenda, Dña. Isabel Ruiz Ferro: Imos ver Sr. López, eu tampouco o vexo dende aquí e non sei se se puxo colorado cando presentou a súa emenda. Cando vostede presentou a emenda eu tiven 23 horas e, debido a que teño máis cousas que facer, e por iso non estaba tan mirada e, incluso, seguro que non veu mal que se mirara mal porque para min é unha emenda que non é seria e que non está realizada con dedicación, unha chapuza total. Ante isto voume a explicar, co que respecta aos gastos correntes, tomamos as partidas de prensa e libros, protocolo, publicidade e propaganda e facemos un recorte; despois tomamos as partidas de gastos diversos, tamén con recorte;

quitando a partida de mantemento, conservación e reparación que está en un epígrafe aparte e está correcta, vamos que sería a totalidade dos 400.000 euros, resulta que a partida de material e subministros non soamente inclúe material e subministros, ascende a 4.200.000 euros, e ese importe non é subministros, e máis, inclúe, por un lado o que xa falamos antes (prensa e libros, protocolo, publicidade e propaganda), tamén inclúe a partida de “gastos diversos” e tamén vai a incluír despois a rebaixa de gastos correntes de Deportes, Cultura, Festexos e Turismo; ou sexa, que está todo mesturado no mesmo epígrafe de 4.200.000 euros, entón vamos a ter unha rebaixa do 5% en, por exemplo, transporte adaptado, en conciliación de vida familiar e laboral, en asistencia psicolóxica a familiar, actualización do rueiro, programa especial de sectores de poboación, prevención de drogas, actividades da terceira idade, cabalgata de reis, actividades para minusválidos, convenio Bandas de Música, Servizo de Axuda Fogar, Gardería municipal, avogada do CIM, pagamento ao ORAL, etc., todo, porque ese epígrafe de 4.200.000 euros non é so de material e subministros, senón “material, subministros e outros” . Polo tanto, eu non entendo ben esta emenda feita así, todo sobre o mesmo, porque o seguinte punto onde tamén quere descontar un 15% (deportes, cultura, festexos e turismo) xa está incluído no epígrafe anterior, está incluído tamén en “prensa e libros, protocolo, publicidade e propaganda”, entón é un pouco baixar sobre a mesma partida sen ton nin son. Polo que respecta a “deportes, cultura festexos e turismo” hai un 50% de prensa e libros, un 50% de publicidade, 50% en protocolo (sen contificar gastos diversos), máis un 15% en reparación e mantemento, máis un 5% en “material, subministros e outros” e un 15% a maiores que tamén se propón, entón a min non me parece sería esta proposta vista así.

Inicia a súa segunda intervención o Sr. López Campos: Concelleira, quedoume clara a súa explicación, explicouse como un libro aberto e tanto dixo que non dixo nada. Ao final está claro que a vostedes non lle interesa falar en positivo, canalizar as iniciativas que creo que son bastante claras e coherentes e, polo tanto, a súa explicación xa deixa claro cal é a súa intención, dende logo, creo que pola súa parte non hai vontade de modificar o seu rumbo e a nós parécenos ben porque a súa e esa e, polo tanto, como dixo o Sr. Espiño, cada un terá que dar contas cando lle corresponda. De todas formas, me sorprende, Sr. Espiño, a súa intervención foi bastante marrulleira, cambiou bastante o estilo e parece que é vostede a oposición e eu o goberno, seguramente estou máis preparado eu para asumir o goberno que vostede, pero o que non pode é trasladarme a min as súas miserias, iso de ningunha maneira o pode facer e voulle dar un consello se o acepta, preocúpese por traballar e déixese de espigar, porque se vostede o tempo que lle dedicou a sacar determinada información se dedicara a traballar mellor lle iría, e dígolle isto porque se non o sabe, seguramente non o saberá porque ao Alcalde da Estrada custoulle recoñecer que o PP gañou as eleccións e que eu teño o privilexio de ser parlamentario do Parlamento de Galicia, non se esqueza, traballo polos proxectos necesarios para A Estrada e vaino ver vostede e, seguramente, non lle vai a gustar moito cando empece a saír determinada información das xestións que se están a facer, pero eu traballo e xestiono, a diferenza do que fan vostedes no goberno municipal, esa é a gran diferenza. Pero tranquilo, o tempo pon a cada un no seu sitio, é unha pena que non entrara vostede hoxe na páxina web do Parlamento para ver a iniciativa que se toma e a solución que se vai a dar aos problemas da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada que vostedes crearon e que vostedes solos se dedicaron por capricho a intentar fundila, e iso é xestionar e solucionar problemas, e senón o verá nos próximos días como este goberno responde e as miñas xestións ao final son fructíferas para A Estrada e non ao revés, intentando machucar aos sectores produtivos, como fixeron vostedes, intentar afundilos por cuestións partidista.

A parte do anterior, coincido co Sr. Reboredo en que se consigna unha partida de cara á galería porque saben que o RPT non a van a aprobar este ano, levan vostedes coa RPT agachada nun rincón dende fai seis meses sen querer amosala a ninguén e, dende logo, están convencidos e saben que non se vai a aprobar este ano e, polo tanto, é un xesto á galería querer culpar ao Partido Popular de querer xogar con marrullería e, perdón, aquí o único que foi claro e conciso foi o Partido Popular e vostedes intentaron trasladar a responsabilidade a este voceiro, de que eu me quería cargar a consignación de 250.000 euros do RPT, vostedes desinteresadamente o fixeron de cargarme a responsabilidade e o PP non fai ningunha mención á redución dos dereitos consolidados dos funcionarios. O que pasa é que a vostedes lles interesa e, de verdade, despois deste debate, voume a ir

bastante satisfeito porque empezan a ter medo da xestión da oposición e centran o seu debate na miña persoa. Eu fixen coa mellor vontade de facer proposta en positivo e nunca coa intención de atacar, pero vexo que vostedes teñen a lección moi aprendida e van directamente a polo voceiro do Partido Popular, o que me agrada que me teñan ese respecto e que centren as súas intervencións na miña xestión.

Tamén quero contestarlle á Concelleira á que se lle enche a boca ao dicir que é a primeira vez que baixa o gasto corrente, e iso é mentira, se quere amóselle as táboas do gasto corrente e verá que do ano 2006 ao 2007 se reduciu de 4.105.000 euros a 4.038.000 euros; entón, empeza vostede mentindo na súa intervención e logo o que se pode esperar é unha mentira tras doutra.

Pero eu non quería valorar cifras anteriores, Sr. Espiño, porque non creo que os problemas do pasado solucionen aos do futuro pero si quere falamos. Eu teño aquí o cadro resumo dos Presupostos municipais e mire, vostede incrementou o 6,76% no ano 2008 e o 12,60% no ano 2009, iso foi xestión súa; vostede incrementou o gasto corrente no orzamento do 2008 nun 17,27%, iso é o que fixo vostede pola contención do gasto, aumentalo nun 17%, pasalo de 4.038.000 euros a 4.735.000 euros, e como iso moitas outras, o que pasa é que fixeron unha mala xestión e teñen que recoñecelo. ¿Vostede sabe que é isto que lle amoso?, isto é a liña do incremento do gasto de persoal dende que vostedes formar parte deste goberno. Isto é a evolución do gasto de persoal; como se pode ver, hai unha importante baixada en gastos de persoal, aquí teñen a gráfica cos gastos actualizados, suficientemente descritiva do gasto corrente da súa xestión municipal; se ve perfectamente claro cal foi dende o ano 2006 ata o ano 2009, esta é a xestión de todos os fondos públicos de todos os veciños. Este que está aquí e outro moi importante (seguro que vostede non sabe de que vai) que reflexa a evolución do desemprego na Estrada, unha gráfica que impacta, para non manipular os datos (como dixo vostede antes) amoso os datos do ano 2006, faltando os datos de abril deste ano pero, dende logo, estamos en cifras realmente alarmantes; esta é a gráfica da súa xestión en materia de emprego e, como non pode ser doutra forma, as cifras cantan e falan alto e creo que vale máis unha imaxe que mil palabras e, dende logo, esa é a súa xestión.

Ademais, vostedes non se pararon nin un segundo en consensuar as propostas do Partido Popular nin fixeron nada para negociar. Vostede di que presentamos unha emenda para incordiar e iso é mentira, nós presentamos unha emenda para chegar a acordos, os que non quixeron negociar esas emendas do PP foron vostedes, tan pronto as colleron así a rexeitaron sen intentar coordinar e facer actuación conxuntas que poderían motivar o voto favorable do Partido Popular. Pero non teñen intento, o seu tempo está para outras cousas como, por exemplo, estar espiando en vez de estar traballando e buscando consensos, eso si que se lle da ben. Pero segue vostede xustificándose dicindo que o fan ben, que as partidas de gastos son iguais que as do 2007 cando gobernaba o PP, e ¿cree vostede que iso é bo exemplo?, ¿sintese orgulloso agora de imitar o que facía o PP no ano 2007?, manda carallo Sr. Espiño, o que estamos a oír neste Pleno ten delito, ten delito que vostede se vanaglorie de levar as mesmas partidas do Partido Popular, iso é para poñer o grito no ceo, o que pasa é que unha cousa é estar aí e outra é estar na oposición, e vostede mudou totalmente de actitude e a forma de xestionar a peor, iso foi o que fixeron vostedes.

Tamén baixaron os gastos, fixeron unha xestión excelente nos gastos, falando vostede de que os gastos correntes baixaran nun montón de partidas, entón ¿onde meteron os cartos?, porque se gastan menos, se controlaron máis o gasto e os presupostos tamén son maiores e a inversión é tamén maior, entón ¿onde meten o diñeiro?, os números cantan señor Espiño, non veña vostede aquí a aburrir á xente con cifras e cantidades e diga a realidade dos Presupostos; se vostedes aforran máis e recadan máis ¿onde meten o diñeiro se non inverten máis?, o que pasa é que vostedes falan dunha xestión óptima e realmente non é o que está a pasar no Concello, non hai que ver máis como son estes Presupostos e as gráficas que amosamos con anterioridade; entón, non veñan a contarnos a súa parafernalia e virnos aquí a contarnos as súas mentiras conseguindo, ao final, enganar á cidadanía.

No tema da inversión, no que falan vostedes sobre o que é a inversión do ano 2007, tamén desvirtúan a realidade, saben que no ano 2007 os Presupostos recollían unha partida para a posta en marcha do Plan Xeral e ao non executarse o Plan Xeral esas partidas non se executaron, por iso baixou a execución orzamentaria, esa é a realidade, o resto é contar mentiras para intentar xustificar a súa incapacidade, e intentar trasladar a responsabilidade ao Partido Popular, eu asúmoa con bo gusto porque é o papel que me toca desempeñar.

Fala tamén vostede de que son os garantes dos dereitos dos funcionarios e isto é xa o colmo dos despropósitos. Son vostedes os que unilateralmente recortan a partida da masa salarial dos funcionarios sen ter en conta ningunha das propostas da oposición ou, polo menos, do Partido Popular, deixan aos funcionarios sen o compromiso adquirido polo Pleno desta Corporación de incrementar o 5% máis o 5% da súa masa salarial e agora teñen a desfachatez de dicir que a culpa é do PP. Non, perdón, nós mantemos a decisión de que se manteñan os privilexios de todos os funcionarios e non apoiamos ningunha decisión que se tome en relación coa rebaixa deses dereitos. Agora, se a vostedes lles interesa sacar a bandeira de reivindicación é unha responsabilidade súa e iso teñen que sabelo os funcionarios, teñen que saber que o PP foi o único que apoio esa iniciativa e os que se a cargaron foron vostedes, así que asuman a súa responsabilidade e non lla traspasen aos demais.

Tamén me sorprende vostede ao falar dos 22 desempregados e que considero unha intervención miserable ao intentar rentabilizar as desgracias alleas Sr.Espiño. Creo que é miserable entrar a valorar se as 22 persoas que vostede vai a contratar van a ver en min un inimigo ao votar en contra esta iniciativa, iso chámase miseria política, e llo digo así de claro para que vostede o entenda. Estame sorprendendo ultimamente porque non pensaba que ía a chegar a onde chegou nesta faceta súa de oposición á oposición, pero me está dando a entender que as cousas a estamos a facer ben e por iso se pon vostede bastante nervioso cada vez que este partido político toma algunha iniciativa; véselles perfectamente que se pon bastante nervioso e ten razón para estalo. Entón, da miña xestión no Parlamento, como vostede non ten moito por onde atacarme, vai e me ataca por bo sitio que pensa que máis de doe. A min a xestión no Parlamento, dende logo, vouna a facer con dignidade, que estou traballando polos intereses da Estrada e polos intereses dos galegos; sei que vostede non vai a recoñecerlo porque, como dixo o seu Alcalde, un deputado na oposición non vale para nada así que non poderá dar mérito ao meu traballo, xa que parte dunha premisa equivocada, pero tivo a mala sorte de que non é na oposición senón no goberno e, dende logo, non oín ningunha felicitación polo cargo, nin tampouco ningunha rectificación ás súas palabras, o que é bastante máis grave. Ben, eu asumo esa responsabilidade e pódeme crer que vouno facer dedicándolle o maior esforzo posible en interese da Estrada, do que non poden dicir vostedes o mesmo dos dous anos que estivo o Partido Socialista gobernando na Estrada e en Santiago, porque, aparte de traer unha oficina do paro que agora encheron con parados, non fixeron nada, en catro anos o Partido Socialista e o BNG o único que fixo foi facer una oficina do INEM na Estrada con previsión do que ía pasar, porque sabían que gobernando o Partido Socialista as cousas sempre acaban igual, en crise, en paro e nunha situación económica insostible e, dende logo, de espaldas a esa realidade que é o xogar ao despiste (que fan vostedes perfectamente). A realidade é que vostedes crearon unha situación insostible polo seu goberno en Madrid, en Santiago e na Estrada, e agora, como sempre, o recurso adoptado por vostedes é dicir que a culpa é do PP. Hai que empezar a asumir responsabilidade, creo que eu non son sospeitoso de non asumir as miñas e dos erros na xestión do Partido Popular, pero empecen vostedes a asumir as súas, xa que teñen bastantes e cada día máis responsabilidades e máis erros, por iso teñen que cambiar as formas de xestionar, pero vostedes seguirán facendo o que estimen oportuno e ao final a situación está como está.

Sobre a negociación colectiva levan vostedes 126.000 euros na última proposta cando na primeira eran 250.000 euros, recortan aí e meten 92.000 euros para o plan especial de emprego anticrise, é todo o que fan vostedes para a implicación e sensibilización ante a situación económica actual, nada máis. O resto podería estar igual nos Orzamentos deste ano como nos Orzamentos do ano 2005, é a mesma historia, entón non veñan vostedes agora a dicir que fixeron un esforzo importante cando non o fixeron.

Me gustaría que o desenvolvemento deste Pleno fora doutra maneira que poderamos chegar a un acordo, pero vexo que a actitude do goberno non está sensibilizada nin disposto a chegar a eses acordos; creo que o goberno pode facer algún xesto ou iniciativa para saír desta situación de crise, pero vostedes non están pola labor e acabouse o tema, non hai discurso nin debate, vostedes non queren e a oposición non ten os votos suficientes, polo que terán que sacar este Presuposto cos seus votos e asumir as consecuencias, así como seguir gobernando de cara ou espaldas aos veciños, porque quero recordar que aquí o único que negou a crise foi o Partido Socialista por un interese electoral en Madrid e por un interese electoral en Santiago, esta foi a única xestión que fixeron coa crise, enganar a todos os

cidadáns dicindo que non existía e agora veñen a despacharse co goberno da Xunta porque é o goberno inimigo, e así non se xestiona nin van a ter demasiados apoios cos gobernos para que poidan vostedes sacar adiante iniciativas importantes para A Estrada.

Concédesse novamente a palabra ao Sr. Reboredo Baños: É certo que seguir debatendo non ten ningún sentido, soamente vamos a facer unhas precisión porque é evidente que cando nos enfrontamos a un muro non ten sentido, pero hai algunhas perlas que temos que comentar. ¿Como van a ter en conta as nosas emendas se ningún grupo da oposición estamos de acordo? ¿Temos que estar de acordo os grupos da oposición porque vostedes o din? O Partido Popular presentará a súa emenda e CIDEGA ten que presentar a súa, ademais é bo que haxa disparidade, porque da disparidade se poden sacar mellores resultados.

Estamos de acordo en que a responsabilidade é do grupo de goberno, eu non discuto a súa responsabilidade pero cremos que non debe trasladar á opinión pública unha mensaxe de confusión e de permanente discurso baleiro cando as cifras son as que son e están neses Orzamentos. Mire, con respecto ao Capítulo de Inversións voulle a recoñecer (xa o fixen diante dos medios de comunicación) que nunca se inverteu tanto no Concello da Estrada como no exercicio 2008, pero é que non houbo ningunha xestión por parte do goberno municipal, é dicir, tivemos a sorte de que houbo un reparto nos fondos estatais e que á Estrada lle tocou 3.800.000 euros e vostedes os inverteron ou mal inverteron, eso xa o discutiremos noutra ocasión, pero vostedes non aportaron nada de xestión a esa inversión, polo tanto cando falemos de inversión temos que falar da inversión real que afecta e que pode poñer en marcha ao Concello da Estrada; sigolle dicindo, fondos propios: 422.000 euros, pero si vostede colle o estadillo de inversións, nesas partidas de fondos propios ¿sabe cantas partidas pasan de 20.000 euros de inversión?, cinco, por tanto, vostedes levan aquí 422.000 euros e 300.000 euros son partidas de 2.000, 3.000, 5.000, 6.000, 400 euros, partidas abertas, esa é a realidade e non confundamos.

Dí vostede “xa aforramos”, ¿onde Sr. Espiño?, porque levan vostedes 775.000 euros máis que o exercicio 2007, esa é a auténtica realidade, por tanto xa me dirá vostede onde está ese aforro.

Tema de gratificacións, ¿por que sacamos o tema de gratificacións?, é certo que o Partido Popular no goberno anterior tiña o gasto excesivo de horas extras, pero é que foi o Sr. Alcalde cando tomou posesión o que dixo nos medios de comunicación que iso era un disparate e que a súa primeira medida de goberno era cargarse as horas extras, porque iso eran para pagar favores políticos (creo recordar, palabras textuais), entón, se antes era un disparate e era para pagar favores políticos, agora ¿que pasa?, ¿cambiose o discurso?, non, sexamos consecuentes. Mire, tema de persoal, ¿vostede sumou canto supón o persoal de Recadación?, 72.000 euros, polo tanto, non pretenda vostede xustificar unha actuación que nós discutimos nun Pleno e veremos e comentaremos os resultados desa xestión cando presentemos a Liquidación do exercicio, veremos se foi positiva ou negativa, aínda que estamos de acordo, aínda que dixemos no seu día que nos parecía precipitada porque ía poñer en risco o proceso de recadación, do nivel altísimo de recadación que se estaba facendo, por iso dicíamos que paralizaran vostedes e léveno con calma, prorrogue o contrato cinco o seis meses máis, fagamos as cousas ben e acometemos esa reforma; pero vostedes fixeron as cousas rapidamente e o tempo dará ou quitará a razón a uns ou a outros.

Tamén din vostedes que é un Orzamento comprometido coa situación de crise e vai dirixido aos sectores máis necesitados, pero nós non vemos ningunha medida neste Orzamento diferente do 2007 ou 2008 que vaia dirixida aos sectores productivos que poidan incidir na crise.

A realidade é que a 30 de abril había 1.597 parados na Estrada, descoñezo a cifra de onte, espero que sexa positiva, pero seguen sendo mil e pico obreiros, e como nós estamos convencidos e atrevémonos a facer políticas e propostas ambiciosas e comprometidas coa sociedade, vemos que vai ser imposible que vostedes executen a RPT, porque foron incapaces de executalo no 2007, 2008 e 2009 (vostedes xa gobernaron 6 meses no 2007), por ilo nós dixemos vamos a facer un esforzo e un sacrificio, pero sexa vostede solidario, xa que repercútelle nos funcionarios, sen embargo non fai caso da proposta que nós facemos, por tanto, a solidariedade vai por barrios.

Dicía tamén vostede que a medida que nós aplaudimos, porque a puxemos sobre a mesa, consistente en dirixir a contratación directa daquelas familias que tivesen dous o máis

membros desempregados mediante un esforzo da administración municipal, aínda que se sexa pequeno, para facerlles máis aceptable a saída da crise. Pero vostede, coa súa medida, contrata a 22 desempregados, sen embargo coa nosa e seus cálculos se contratarían 200 e esa é a diferenza.

En definitiva, aínda que é certo que vostedes teñen a responsabilidade ante a cidadanía, quero dicirlle unha frase para que a recorde: no 2007 xulgarónnos a todos e a vostedes tamén, e non lle deron a maioría, non esqueza, por tanto, que no 2011 van a ter que pasar por outro proceso electoral e, igual, tampouco lle dan a maioría. Moitas grazas.

Toma a palabra o Concelleiro socialista D. Manuel Otero Espiño: *Quero facerlle un favor ao público e ao resto da Corporación e, polo tanto, vou a falar en xenérico para evitar as alusións, intervencións por alusións e respostas por alusións. A primeira reflexión que me ven á cabeza é “ay espíritu máxico que guapo son”, porque vamos... eu non sei se estou capacitado ou non para gobernar, eu estiven en dúas ocasións no goberno e os cidadáns, en dúas ocasións, nos subiron ao goberno deste Concello, algo verán neste grupo con capacidade para gobernar. Dende logo, se a egolatría non é unha plasmación externa da arrogancia e da prepotencia que veña o demo e o vexa, pero supoño que estes discursos de hoxe aquí nos o van a dicir durante moito tempo.*

É certo que hai determinado persoal que está traumatizado con certas circunstancias que teñen ultimamente, eu o entendo que con estes temas de espionaxe na comunidade de Madrid e demais crean nerviosismo e un termina sentíndose acosado, perseguido, vixiado ... unha situación incómoda e traumatizante, digna dun consultorio psicolóxico ou buscar refuxios na cima dun monte e practicar a gritoterapia. O que está claro e que as gráficas de clase de matemáticas (aquí o compañeiro Sanmartín hoxe ten sobresaliente cum lauda cos coñecementos que acaba de adquirir) hai que admitir que os datos son os que están aí e estamos nunha situación preocupante, nunha situación de crise profunda e que todos desexamos saír dela o antes posible. Pero coas capacidades bastante limitadas que temos dende o goberno municipal o que temos que facer e traballar con intensidade para dar resposta ás demandas que os cidadáns teñen e, dende logo, as gráficas van a ser mellores na calidade de vida de todos e cada un dos cidadáns estradenses. Cremos firmemente no que facemos e os cidadáns o xulgarán oportunamente, pero, claro, si antes usei a expresión de “semente do demo”, agora me reafirmo, porque nós negámonos a autovía da Estrada, nós somos responsables de que General Motors pechara en Estados Unidos... é dicir, somos o demo con cornos, polo tanto, onde esteamos os socialistas se acaba o mundo, por iso antes falaba de San Xoán e da súa espada flamíxera. O que está claro é que non vou a redundar nos argumentos e, dende logo, neste tema xa levamos collendo paradoira. Evidentemente a oposición predica e predicou e creo recordar que un compañeiro que se sentaba por esta zona dicía que “unha cousa era predicar e outra dar trigo”, así que a oposición predica e o goberno da trigo para facer fariña e dar pan a todos os cidadáns da Estrada.

Ademais, unha reflexión socrática que viña nun correo que me mandaron o outro día onde Sócrates lle recomendaba a un que quería falar sobre algo en negativo e dicíalle “un triple filtro”, que pasara unha triple criba, primeiro o da verdade (deixémonos de demagoxias, populismos e dogmatismos), o segundo é o da bondade (neste caso habería que falar da equidade) e o terceiro é se ten utilidade; dende logo, o da verdade entre comillas ou entre interrogantes, no da equidade digo que a hipérbole é o último que debe de haber nun discurso nunha corporación municipal e, na utilidade, foi un fiasco. Sexamos coherentes e os cidadáns xulgarán no seu momento oportuno e, dende logo, non comulgan con rodas de muiño, teñen os dentes moi ben postos como para perdelos. Nada máis e moitas grazas.

Non habendo máis intervencións, se procede á votación adoptándose o seguinte ACORDO polos votos favorables do PSdeG-PSOE (9) e BNG (3), e os votos en contra do Partido Popular (7) e CIDEGA (2):

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas do 28 de maio de 2009.

Visto o expediente formado polo Proxecto do Orzamento Municipal e cadro de persoal para o exercicio 2009.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO: Apróbase o Orzamento Municipal para o exercicio 2009, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, por un total de 12.161.000,00 euros, co resumo por capítulos que de seguido se indica:

ESTADO INGRESOS		ESTADO GASTOS		
DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.462.700,00	GASTOS PERSOAL	4.216.364,72
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	580.000,00	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.732.213,94
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.211.083,79	GASTOS FINANCIEROS	128.321,92
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.897.013,09	TRANSFERENCIAS CORRENTES	751.218,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	82.508,39		
TOTAL I. CORRENTES		11.233.305,27	TOTAL G. CORRENTES	9.828.118,58
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	1.018,00	INVERSIÓNS REAIS	1.270.010,90
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	274.676,73	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	410.560,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCIEROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	637.000,00	PASIVOS FINANCIEROS	637.310,52
TOTAL I. CAPITAL		927.694,73	TOTAL G. CAPITAL	2.332.881,42
TOTAL INGRESOS		12.161.000,00	TOTAL GASTOS	12.161.000,00

SEGUNDO: Ao abeiro do disposto no artigo 21.6 do R. Decreto 500/1990, quedan anuladas as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, por estar incluídas nos créditos iniciais:

Nº EXPEDIENTE	TIPO MODIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	ACORDO APROBACIÓN
1/D/2009	Transferencia de crédito	Pagamento pensión vitalicia J.L. Cerviño Figueiras e aportac. Municipal para o programa de valoración integral e multifunc. co monte	16.544,00	R.A. 56/2009
2/D/2009	Transferencia de crédito	Retribucións persoal recadación municipal	67.700,00	R.A. 76/2009
3/D/2009	Transferencia de crédito	Instalac. Pasos elevados e outros	1.986,14	R.A. 83/2009
4/D/2009	Transferencia de crédito	Paneis solares. Obradoiro de Emprego	37.320,00	R.A. 141/2009
6/D/2009	Transferencia de crédito	Traballos de tapar fochas no rural.	1.000,00	R.A. 305/2009
7/D/2009	Transferencia de crédito	Aforro enerxético Avda. Santiago e Avda. Benito Vigo	89.554,41	R.A. 330/2009
8/D/2008	Transferencia de crédito	Retribucións persoal laboral temporal. Urbanismo	2.340,00	R.A.275/2008

TERCEIRO: Ratifícanse para o exercicio 2009 as equivalencias entre o persoal laboral fixo e o persoal funcionario co obxecto de facer efectivo o sinalado 22.TRES da Lei 2/2008, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2009:

"Adicionalmente ao previsto no apartado dous deste mesmo artigo, a masa salarial dos funcionarios en servizo activo aos que resulte de aplicación o réxime retributivo da lei 30/1984 de dous de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, nos termos da disposición final cuarta da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público o nas respectivas leis de función pública que se diten como consecuencia de dita norma básica, así como a do resto do persoal sometido a réxime administrativo e estatutario, experimentará un incremento do 1 por cento co obxecto de lograr, progresivamente unha acomodación das retribucións complementarias excluídas a produtividade e gratificacións por servizos extraordinarios, que permita a súa percepción en 14 pagas ao ano, 12 ordinarias e dúas adicionais nos meses de xuño e decembro .

Así mesmo, a masa salarial do persoal laboral experimentará o incremento necesario para facer posible a aplicación ó mesmo dunha contía anual equivalente á que resulte para os funcionarios públicos, de acordo co disposto nos dous parágrafos anteriores do presente apartado."

Establécese a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Técnico de xestión	Nivel 26
Tradutor de galego	Nivel 26
Director da Banda de Música	Nivel 24.
Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
Asistentes sociais	Nivel 24
Auxiliar administrativo	Nivel 16
Conserxes	Nivel 14
Limpiadoras	Nivel 14
Director gardería infantil	Nivel 20
Monitor de tempo libre	Nivel 20
Socorrista piscina	Nivel 20
Vendedora entradas piscina	Nivel 14
Limpiador vestiarios	Nivel 14

Persoal confianza e asesoramento especial:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Equiparado a administrativo	Nivel 20
Equiparado a auxiliar administrativo	Nivel 16

CUARTO: De conformidade co disposto no artigo 126.1 do R. Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, apróbase o cadro de persoal que se transcribe de seguido correspondente ao exercicio do ano 2009:

PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL FIXO 2009

DENOMINACIÓN
DE PRAZAS GRUPO NIVEL ESCALA SUBESCALA CLASE CATEGORÍA NOME E APELIDOS

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SECRETARÍA

Secretario	A1	30	H.C.nac.	Secretario	1ª	Superior	José Naveira González
Técnico	A1	26	Adm.Xer.	Técnica			Rogelio A. Carrera Ares
Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.			Mª Herm. Porto Valcarcel

Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.	Mª Josefa Mtnez. Barros
Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.	Enrique Prieto Porto
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar	Gisela Rey Baltar
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar	Monts. Carracedo Goldar
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar	Manuel Barreiro Barreiro

OUTROS SERVIZOS

					DESTINO	
Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.	Arquivo	Mª Jesúsa Fdez.
Bascuas						
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar	Serv.Sociais	Ana López Neira
Conserxe	E	14	Adm.Xer.	Subalterno	Oficinas	J. Luis Cerviño López
Conserxe	E	14	Adm.Xer.	Subalterno	Oficinas	José M. Pereiras
Clement						
Conserxe	C1**	16*	Adm.Xer.	Subalterno	Colexio FOXO	Manuel Ferreiro
Cabaleir						
Conserxe	E	14	Adm.Xer.	Subalterno	" JOSE A.	Jesús Pena Lorenzo
Conserxe	C1**	16	Adm.Xer.	Subalterno	" FIGUEROA	Francisco Barcala
Calvo						
Conserxe	C1**	16*	Adm.Xer.	Subalterno	" P VIONDI	José Bal Miguez

(*) O C.D da praza é o 14; o 16 é a título persoal.

(**) O nivel é a título persoal

ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA

INTERVENCIÓN

Interventor	A1	30	H.C.Xer.	Intervenc.	1ª Superior	Celsa Pérez Gil
Técnico	A1	26	Adm.Xer.	Técnica		Luis M. Lozano Lorenzo
Administrat.	C1	20	Adm.Xer.	Administrat.		Rosa Mª Méndez Aragunde
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Alejandro Bernárdez Pereiras
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Mónica Cardona Constenla

TESOURERÍA

Tesoureiro	A1	30	H.C.Xer.	Tesourería	Superior	Julio Fontaiña Couso
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Carmen Fuentes López
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Mª Jesús Campos Rey
Adm-Recadador	C1	20	Adm.Xer.	Administrat.	VACANTE	
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Sonia Magariños (int)
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Ana Vázquez (int)
Aux-not	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Manuel Regueiro (int)

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

POLICÍA LOCAL

InspectorXefeA2		20	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Policia	José L. Loureiro Rey
Oficial	C1	18	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Aurelio Fdez. Bascuas
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	S. Campos Villaverde
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	J. A. Alvarez Vázquez
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José L. Rey García
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José Luis Coto Cabana
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Luis Magariños Camino
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	VACANTE
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José Sanmartín Fdez.
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	VACANTE
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Rafael Cardona Constenla
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José L. Loureiro Carbón
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Fco. Quinteiro Torres
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Pablo Gómez Crespo
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Raúl Castro Bernárdez
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Ventura A. García Rosende
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Roberto Rodríguez Chao

Policía C1 16 Adm.Espe. Serv.Espe. Policía Javier García Calvo

URBANISMO E RURAL

Arquitecto A1 28 Adm.Esp. Técnica Superior Mónica Neira Mato
Arquitecto A1 28 Adm.Esp. Técnica Superior Enrique Ponte (int)
Aparellador A2 26 Adm.Esp. Técnica Media Ramiro Goldar Soto
Perito Agrí. A2 24 Adm.Esp. Técnica Media Ramón Brea Villaverde
Auxiliar C2 16 Adm.Xer. Auxiliar Auxil. Julia Mª García Oya
Deliñante C1 20 Adm.Esp. Técnica Auxil. Javier Paz Vidal
Axud.Of.Téc.E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Jesús Brea Reguengo

ALUMADO

Mestre Elect. C2 18 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Mestre Luis Vieites Santos
Axudan.Elect. E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Axudante Antonio Aller Calvelo
Axudan.Elect. E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Axudante Gonzalo G. Brey Eyo

SANEAMENTO E AUGAS

Encargado C2 18 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. José Aris Tallón
Operario E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Operario M.A.Durán
P.(interino).
Operario E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Operario Ana Mª Villar
(interina)
Operario E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Operario José L. Bermúdez
Puente
Operario E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Operario Antonio Aris Barreiro

RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA

Ofic.Conduct. C2 16 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Oficial J. Mª Rey Rilo
Ofic.Conduct. C2 16 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Oficial Miguel A Durán Constenla
Ofic.Conduct. C2 16 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Oficial José L. Eiras Iglesias
Operario E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Operario Manuel Vázquez Sánchez
Operario E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Operario Javier Pereiras Clemente

ESTRADAS, CAMIÑOS VECIÑAIS, E VÍAS PÚBLICAS URBANAS

Ofic. Maquin. C2 16 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Oficial José A. López Villar
Ofic. Maquin. C2 16 Adm.Esp. Serv.ESPE. Per.Of. Oficial Manuel Sanmartín Rivadulla

EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTES

Axud. Deport. E 14 Adm.Esp. Manuel Calviño Vilar
Axud. Deport. E 14 Adm.Esp. José Balboa Barros

LIMPEZA OFICINAS

Limpiadora E 14 Adm.Esp. Serv.Espe. Per.Of. Operario Carmen Mato Lago

COMERC. INTER.

Encar.Praza A.C2 16 Adm.Esp. Serv.Espec. C.espe. Auxiliar José M. Nogueira Villar
Axu.C.Praza A.E 14 Adm.Esp. serv.Espec. C.Espe. Operario Juan M. Marque Terceiro

COMETIDOS ESPECIAIS

BIBLIOTECA

Aux.Bibliot. C1 20 Adm.Esp. Serv.Espe. C.Espe. Auxiliar Mercedes Garrido Paz

CULTURA

Coord.Cultur. C1 20 Adm.Esp. Serv.Espe. C.Espe. Adm. Jorge Armesto Rodríguez

DENOMINACIÓN POSTO TRABALLO	TITULACIÓN ESIXIDA	NOMES
Técnico Xestión Traductor Galego	Licenciado Económicas Licenciado en Filoloxía	Mª Rita Rivas de la Iglesia Valentin García Gómez
Director Banda Música	Estudios Superiores.Música	Javier Comesaña Pereiras
Profes. Escola Música	Est. solfexo, piano, guitarra	Cristina Zatarain Andrés
Profes. Escola Música	Est. Solfexo, piano, guitarra	Pelayo Redondo Lisarrague
Profes. Escola Música	Est. Solfexo, piano, guitarra	José A. Cerviño Loira
Asistente Social	Asistente Social	Manuela D. Corral Mtnez
Asistente Social	Asistente Social	Isabel Dominguez Rguez.
Asistente Social	Asistente Social	Angeles Navia Vega
Auxiliar S. Administrativos	Graduado Escolar	VACANTE
Conserxe Oca	Certificado escolaridade	Antonio Payno Torres
Conserxe Codeseda	Certificado escolaridade	Hector M. Vázquez Rey
Conserxe Vea	Certificado escolaridade	José C. Reguengo Maceira
Conserxe Ed. Usos múltiples	Certificado escolaridade	José Pena Torreiro
Limpadora Ed.Usos múltiples	Certificado escolaridade	Socorro Mtnez. Figueiras
Limpadora	Certificado escolaridade	Elvira Loureiro Andújar
Profesor de violoncelo	Tit. música grao medio	Isabel Gude García
Profesor de trompeta	Tit. música grao medio	Luis Lugo Latas
Profesor de harmonía	Tit. música grao medio	Francisco Lorenzo Romero
Profesor de percusión	Tit. música grao medio	Angel J. Morales Domínguez
Profesor de violín	Tit. música grao medio	Iván Novo Bello
Profesor linguaxe musical	Tit. música grao medio	VACANTE
Monitor de tempo libre	Tit.Téc.Superior actividades Físicas e animación deportiva	Henrique Vázquez Pernas
Director Gardería	Tít.Univ. Media (Rama Educ.)	Rosa Montero Vecino
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE

PERSONAL LABORAL FIXO E DISCONTINUO

DENOMINACIÓN POSTO TRABALLO	TÍTULO	DURAC.CONTRATO	TOTAL
Socorrista	Socorrista	4 meses	Miguel A. Fdez. Ferreiro
Socorrista	Socorrista	4 meses	VACANTE
Vendedora entradas piscinas		4 meses	VACANTE
Limpador vestiarios		4 meses	Mª Celia Cerviño Calvo

PERSONAL DE CONFIANZA

DENOMINACIÓN POSTO	Nº DE PAGAS	NOME
Secretaria Alcaldía	14	Rocío Gómez Darriba
Secretaria alcaldía	14	Mª Dolores Rguez. Amoroso
Secretaria Alcaldía	14	Amalia Lago Durán

7.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE ABRIL DE 2009 (DO Nº 320 AO 466). Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 320 ao 466 (ambos os dous incluídos) correspondentes ao o mes de abril de 2009.

O Pleno queda sabedor.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Iníciase este punto coa intervención de Dna. Cristina Goldar Soto, Concelleira do Partido Popular: *En primeiro lugar reiterar un dos rogos que xa se fixo no anterior Pleno e a ver se é posible, trátase dun contedor de vidro para o lugar de Campo, xa que os veciños teñen que ir bastante lonxe para tirar as botellas. Coido que aínda que sexan uns Presupostos austeros, un contedor de vidro podería ser posible instalalo no lugar de Campos.*

* Pola Sra. Goldar Soto se manifesta outro rogo: *Así mesmo, no lugar de Campos, a canalización que se atopaba taponada, ao lado da casa de Victoria, a ver se é posible facer algunha xestión, porque, salvo novas que haxa neste momento, a min se me comunicou aínda a comezos desta semana que non se había feito nada, salvo que existan novas neste momento.*

* Continúa a Sra. Goldar Soto: *Respecto ás bandas rugosas quería preguntar: ¿recibiuse algún in forme ou contestación por parte do Alcalde de Barrio sobre ese tema?.*

* Maníféstase outro rogo pola Sra. Goldar Soto: *Por último, outro rogo. Se mo permite o Sr. Alcalde quería facer un rogo para o Sr. Espiño dicindo que hai que facer un exercicio de moderación á hora das manifestacións, soamente por un detalle, eu poido coincidir con vostede en que tradicionalmente fora a esquerda a que levantara a pancarta, pero ¿sabe o que ocorre?, pois que ao mellor tamén ten vostede algúns compañeiros que torcen á dereita e defenden os intereses dos traballadores nas negociacións colectivas para conseguir unhas boas condicións salariais. Digo todo isto porque non so se defenden aos traballadores levantando a pancarta, tamén se defende estudando e intervindo nas negociacións colectivas.*

* Toma a palabra Dna. José López Campos, Concelleiro do Partido Popular: *Eu, en primeiro lugar, quero facer unha pregunta para o filósofo Espiño, a ver se me pode contestar sen filosofía e vai ao práctico e me di o que realmente debe para poder entendelo todos e entender a realidade das necesidades, pero a verdade, non as súas filosofías e as súas historias literarias que teñen pouco contido. ¿Que pasa co seu compromiso adquirido neste Pleno a instancia do grupo do Partido Popular sobre o famoso saneamento nas Quintas, Cepetelo, Tosar e Consolación, e que vostede empeñou a súa palabra, como noutras cousas, de que ía a estar funcionando no mes de xaneiro?. Vostede dixo no Pleno de decembro que se comprometía no mes de xaneiro que ía a estar funcionando e, a parte, dixo o comentario de que senón “déixeme a min e verá que iso estará solucionado, senón xa o verá”, sen embargo estamos no mes de xuño e quérolle preguntar en que situación está o estado desa depuradora.*

Contesta o Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

* Continúa o Sr. López Campos: *Hai dous Plenos trasladamos unha problemática que existía coa Biblioteca Municipal e co mobiliario e coas partidas presupostarias, e nós botamos en falla, polo menos non o localizamos nestes Presupostos, unha partida para a Biblioteca, para que poida acceder a outras subvencións, por iso queremos saber se se fixo algunha xestión para solucionar as deficiencias do mobiliario da Biblioteca e se se fixo algunha xestión para incorporar aos Presupostos municipal unha partida para ese fin”.*

Contesta o Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

* Sr. López Campos: *Hai dous meses aproximadamente denunciámos a situación do Departamento de Urbanismo e a xestión ineficaz que se está levando a cabo nel, e preguntábase por un expediente que preocupaba de maneira importante aos veciños de*

Santo Tomé de Acorados e que, segundo palabras da Sra. Concelleira nese Pleno respondeu por escrito dicindo que estaba feito o informe técnico e que soamente faltaba o informe xurídico. Entendo que despois de tres ou catro meses dende que fixemos a pregunta queremos saber se ese expediente está desbloqueado, se hai esa licenza e o informe xurídico despois de tres meses está feito.

Contesta o Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

** Sr. López Campos: Tamén queremos saber... trátase dunha situación que nos preocupa na zona de Codeseda, e sobre isto queríamos saber en que situación se atopa o expediente de solicitude dos veciños de Codeseda para legalizar a feira que se desenvolve alí. Parece ser que teñen solicitado esa legalización ao Concello dende hai bastante tempo e de momento non se lle deu ningunha solución*

Contesta o Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

** Continúa o Sr. López Campos: Quería facer tamén un rogo. Vostedes anunciaron a bombo e platillo moitos temas sobre a xestión e os compromisos que ían a adquirir dende o momento que formaran parte do grupo de goberno e, dende logo, a súa xestión foise diluíndo pouco a pouco ata quedar caricaturizada, tal e como acabamos de ver hoxe neste Pleno dos Orzamentos, é dicir, un goberno totalmente á defensiva sen ningún tipo de iniciativa, ningunha proposta en positivo, sen ningunha oportunidade para poder cambiar ou decidir de que as cousas melloren, e todos eses temas que, como dixen antes, anunciaron a bombo e platillo, en base ao pacto que fixeron co BNG no tema do Plan Xeral, no tema de facer grandes proxectos que, de momento, non se fixeron ningún e algún día analizaremos pormenorizadamente os compromisos que levan executados a metade de legislatura, os que non están feitos....., iso si que non é execución orzamentaria, como dixo o Sr. Espiño, iso é a realidade, e veremos o grado de compromiso que teñen vostedes coas súas propostas e iniciativas; pero tamén anunciaron a creación dun Consello Económico e Social, dun Regulamento de Participación Cidadá... que é certo que consume recursos importantes do Presuposto municipal, como puidemos ver nas partidas que vostedes se reparten nesa cota de poder de 75% PSOE e 25% BNG e, para poder establecer ese equilibrio de forzas e para que non se rompa este pacto de intereses, teñen que estar vostedes fiando moi fino para darlles as partidas que lle corresponden aos seus socios de goberno. Nesa liña anunciaron un compromiso total de transparencia na participación cidadá e que ían a colgar as actas e ían ter actualizada a información na páxina web do Concello para que os veciños tiveran acceso a esa información. Mentira, falso e, dende logo, non cumpriron nin a primeira vez o dar transparencia e información como dixeron tantas veces na oposición.*

Polo tanto, rogo que aquelas cousas que son máis fáciles de cumprir, que non implican un esforzo inversor determinado nin implican unha excesiva capacidade de xestión, sexan colgadas, así que se faga o posible para que o cidadá teña acceso á información que sexa da súa utilidade.

Contesta a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. López Doce: *Sr. López, ese rogo xa está cumprido. A páxina web do Concello non é difícil de manexar nin ten demasiados apartados, así que na banda lateral esquerda, na parte inferior, ten vostede unha sección chamada Participación Cidadá, e alí cólganse as actas do Pleno e das Xuntas de Goberno.*

Sr. López Campos: *¿Dende cando?*

Sra. López Doce: *Dende que entrou en vigor o Regulamento de Participación Cidadá. Os funcionarios teñen orde de facelo.*

Sr. López Campos: *¿Vostede entrou?*

Sra. López Doce: *Eu entro habitualmente na páxina e vexo alí a sección.*

Intervén o Sr. Alcalde: *Eu creo que isto non é obxecto de debate, polo que eu rogo que vostede vexa a páxina e confirme se iso e así ou non.*

Sr. López Campos: *Non son eu o que establece o debate, é a súa compañeira.*

Sr. Alcalde: *Digo que hai que comprobalo e no próximo Pleno volvemos a tratar este tema, pero non vamos a entrar agora, sen estar seguros, a debater este tema.*

Sr. López Campos: *Si, claro, iso está claro, non teño intención de debatelo.*

* Toma a palabra a Concelleira do Partido Popular, Dna. Lourdes Loureiro Méndez: *Boas noites e darlle a benvida a compañeira. Eu quería preguntar se os baños públicos da Feira están a funcionar.*

Contesta o Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas e tres minutos.

A Estrada, 4 de xuño de 2009
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González